

# PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL

CURSO 2023-2024



CEIP PLURILINGÜE PONTE DO PORTO

# ÍNDICE

<b>1.INTRODUCCIÓN.....</b>	<b>4</b>
<b>2.DATOS XERAIS.....</b>	<b>4</b>
2.1.-Entorno físico.....	4
2.2.-Nivel económico.....	4
2.3.-Nivel sociocultural.....	5
2.4.- Catálogo de postos creados.....	5
2.5.-Catálogo de postos en funcionamento no curso 2023-2024.....	6
2.6.-Número de alumnado por etapa e niveis, e servizos complementarios.....	6
2.7.-Mellora das instalacións.....	7
2.8.-Adaptación a Ley Orgánica 3/2022 do 29 de decembro .....	8
2.9.-Tarefas extraescolares.....	9
2.10.- Proxecto Competencial .....	10
2.11.- Lista de libros de texto e materiais para o curso 23/34.....	11
2.12.- Avaliación interna.....	16
2.13.-Avaliación Programación Xeral Anual.....	16
<b>3.-OBJECTIVOS ESPECÍFICOS QUE O CENTRO SE PROPÓN CONSEGUIR AO LONGO DESTE CURSO ACADÉMICO.....</b>	<b>17</b>
<b>4.-CONCRECIÓN ANUAL DO PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE .....</b>	<b>19</b>
<b>5. ORGANIZACIÓN PEDAGÓXICA.....</b>	<b>56</b>
5.1.-Órganos de goberno.....	57
5.1.1-Colexiados:.....	52
5.1.2.-Unipersoais.....	59
5.2.-Órganos de coordinación docente.....	59
5.3-Equipos de Dinamización.....	61
5.4- Outros equipos.....	62
<b>6.-PLANO DE ACTUACIÓN DOS ÓRGANOS COLEXIADOS E DO EQUIPO DIRECTIVO.....</b>	<b>62</b>
6.1.-Órganos Colexiados.....	62

6.1.1.-Consello Escolar.....	62
6.1.2.-Claustro de profesores/as.....	63
6.2.-Equipo directivo.....	63
6.3.-Plan de actuación do Equipo Directivo no curso 22/23.....	65
<b>7.-XORNADA ESCOLAR E HORARIO DO CENTRO.....</b>	<b>67</b>
7.1- Xornada escolar.....	67
7.2.-Horario do Centro.....	67
7.2.1.-Días de libre disposición e modificacións horarias.....	67
7.2.2.-Calendario escolar.....	67
7.2.3-Horarios do profesorado e alumnado .....	68
<b>8.-QUENDAS DE MESTRAS/ES ENCARGADAS/OS DAS GARDAS DE TRANSPORTE, TEMPO DE LECER E LUDOTECA.....</b>	<b>73</b>
<b>9.-PROXECTOS DE CENTRO.....</b>	<b>76</b>
<b>10.-PROGRAMA ANUAL DE FORMACIÓN DO PROFESORADO.....</b>	<b>76</b>
<b>11.-PROGRAMACIÓN E CALENDARIO DE REUNIÓNS DOS ÓRGANOS DE COORDINACIÓN DOCENTE, DOS EQUIPOS DE DINAMIZACIÓN E PLAN DE ACCIÓN TITORIAL .....</b>	<b>76</b>
11.1.- Equipo de Ciclo de Educación Infantil.....	76
11.2.- Equipos de Ciclo de educación Primaria.....	77
11.3.- Comisión de Coordinación Pedagóxica.....	79
11.4.-Equipo de Dinamización da Lingua Galega.....	80
11.5.-Equipo de Actividades Extraescolares e Complementarias.....	80
11.6- Dinamización da Biblioteca.....	81
11.7- Dinamización das TICS. da Información e da Comunicación.....	81
11.8-Dinamización da Convivencia.....	82
11.9.-Plan de acción tutorial.....	82
<b>12. PLAN DE POTENCIACIÓN E ORGANIZACIÓN DAS RELACIONS COA COMUNIDADE E A FAMILIA.....</b>	<b>83</b>
<b>13.PLURILINGÜISMO.....</b>	<b>84</b>
13.1.-Oferta Centro Plurilingüe en Educación Primaria .....	85
13.2.-Oferta Centro Plurininfantil .....	85

13.3.-Mecanismos de seguimento e avaliación do Programa Plurilingüe..	86
<b>14.PROGRAMA ANUAL DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES</b> .....	<b>86</b>
14.1.-Organizadas pola ANPA en colaboración co Equipo Directivo.....	86
14.2.-Organizadas polo Concello en colaboración co Equipo Directivo...	87
14.3.-Organizadas polo Centro .....r.....	87
14.3.1.-Deporte Escolar.....	87
14.3.2.-Ludoteca.....	87
<b>15.-PLAN DE ORGANIZACIÓN E COORDINACIÓN DAS TAREFAS DO PERSOAL NON DOCENTE</b> .....	<b>88</b>
15.1.-Coidadora-Auxiliar Técnico Educativo.....	88
15.2.-Conserxe.....	89
15.3.-Persoal de cociña.....	90
15.4.-Persoal de limpeza.....	90
<b>16.-ORGANIZACIÓN DO SERVIZO DE TRANSPORTE E DO COMEDOR ESCOLAR</b> .....	<b>91</b>
16.1- Servizo de Transporte.....	92
16.2.-Servicio de comedor.....	92
16.2.1.-Persoal encargado do servizo do comedor.....	92
16.2.2.-Persoal laboral.....	93
16.2.3.-Usuarios do comedor.....	93
<b>17.PLAN DE UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DO CENTRO</b> .....	<b>94</b>
<b>18.PROXECTO CURRICULAR DA ÁREA DE LINGUA ESTRANXEIRA EN INFANTIL</b> .....	<b>96</b>
18.1.- Profesorado.....	96
18.2.- Alumnado e horario.....	96
<b>19.PLAN XERAL DE AVALIACIÓN DO CENTRO</b> .....	<b>96</b>
<b>20. ANEXOS</b> .....	<b>98</b>

## 1.-INTRODUCCIÓN.

Neste documento recóllense as liñas básicas de actuación para o presente curso 2023-2024, de acordo coa lexislación vixente .

## 2.- DATOS XERAIS.

<i>Nome do Centro:</i> CEIP PLURILINGÜE PONTE DO PORTO		<i>Código:</i> 15002086	<i>C.I.F.:</i> Q 6555029 E
<i>Enderezo:</i> O Allo, s/n	<i>Localidade:</i> Ponte do Porto	<i>Concello:</i> Camariñas	
<i>Código Postal:</i> 15121	<i>Provincia:</i> A Coruña	<i>Tlf.:</i> 881880316 881880317 <i>Móbil emerxencias:</i> 698154984	<i>Fax:</i> 881880318
<i>E-mail</i>	ceip.ponte.porto@edu.xunta.es		

### 2.1.-Entorno físico.

O centro está na localidade de A Ponte do Porto que pertence ao concello de Camariñas, A Coruña.

### 2.2.-Nivel económico.

Camariñas está estreitamente ligada ao mar, tradicional vía de comunicación e medio de subsistencia.

A economía da poboación susténtase na pesca e no marisqueo, na industria conserveira e a cría de rodaballo, que da traballo a unha gran parte da vila e vilas próximas.

O principal uso da terra é de carácter forestal xa que a agricultura e a gandaría só teñen funcións complementarias na economía.

O turismo adquire cada vez máis importancia, atraído polos espazos naturais, a variedade paisaxística e a tranquilidade da zona. Hai distintas e interesantes rutas como a do Camino dos Faros, a dos Muiños que percorren Xaviña, Camelle e A Ponte do Porto. E tamén existen elementos culturais como diferentes igrexas, o Castelo do Soberano, o Faro Vilán...

A artesanía do encaixe de bolillos, que complementa a economía local, está a experimentar un importante desenvolvemento e contribúe notablemente ao incremento de visitantes.

Esta zona contou cun alto índice de emigración, fundamentalmente a Suíza e outras Comunidades. Na actualidade, a emigración está volvendo a repuntar debido á crise económica. Cómpre engadir, tamén, que o concello está a recibir a poboación inmigrante de países como Senegal, Venezuela...

### 2.3.-Nivel sociocultural.

Aínda que a situación cultural da zona é susceptible de mellora, existen diferentes asociacións culturais como: Monte Branco, Rendas, Vico da Forca, Río Porto, de Empresarios e Promoción Turística...; e conta con varios museos como o do Alemán, en Camelle; o Etnográfico, en A Ponte do Porto; o do Faro e o do Encaixe en Camariñas, e unha biblioteca pública.

No que atinxe ás instalacións deportivas, sinalar que contamos con dous polideportivos municipais, un en Camariñas e outro en A Ponte do Porto, este último é utilizado polo noso centro, xa que está nas inmediacións do recinto escolar.

Actualmente, estanse a levar a cabo diferentes accións para promocionar o concello, como a Mostra de Artesanía do Encaixe de Bolillos, Festas Patronais...

### 2.4.-Catálogo de postos creados, segundo a Orde do 07/07/2014 polo que se modifican as unidades e os postos de traballo docentes de centros públicos:

UNIDADES			POSTOS DE TRABALLO										
EI	EP	TOTAL	EI	EP	FI	FF	EM	EF	PT	AL	DO	OC	TOTAL
2	6	8	2	5	1	1	1	1	1	0	0	1	13

## 2.5.-Catálogo de postos en funcionamento no curso 22-23

POSTOS DE TRABAJO EN FUNCIONAMIENTO										
EI	EP	FI	FF	EM	EF	PT	AL	DO	Relix.	TOTAL
4	7	1	0	1	1	1	0	1	1	17

## 2.6.-Número de alumnas/os por etapas e niveis, e servizos complementarios

ETAPA	CICLO	UNIDADES	Nº ALUMNOS
			TOTAL
EDUCACIÓN INFANTIL	2º CICLO	4º	11
		5º	17
		6º	20
EDUCACIÓN PRIMARIA	1º EP	1º	13
	2º EP	2º	20
	3º EP	3ºA	13
		3ºB	12
	4º EP	4º	21
	5º EP	5º	14
6º EP	6º	17	

<b>Comedor Tipo C (de 151 ata 250 comensais)</b>	<b>DE PAGO 4,50 €: 21 alumnos/as</b> <b>DE PAGO 2, 50€: 7 alumnos/as</b> <b>DE PAGO 1€: 10 alumnos/as</b> <b>GRATUIDADE: 111 alumnos/as</b> <b>DIRECTORA: 1</b> <b>ENCARGADA DE COMEDOR: 1</b> <b>ATE (COIDADORA): 1</b> <b>MESTRES COLABORADORES: 4</b> <b>FAMILIAS COLABORADORAS: 6</b> <b>PERSOAL DE COCIÑA E CONSERXE : 4</b> <b>TOTAL COMENSAIS: 166</b>
--	---

<b>Alumnado transportado</b>	132
<b>Relixión</b>	123
<b>Alternativa a Relixión</b>	6
<b>Proxecto competencial</b>	32

## 2.7.-Mellora das Instalacións:

### - Xerais

O Concello levou a cabo a maior parte das reparacións, solicitadas en xullo, durante o mes de setembro (mantemento do céspede, arranxo dalgunhas fendas, pintado de catro aulas, selado de uralitas e limpeza e arranxo de canalóns). Porén, aínda queda pendente cubrir unha zona do patio cuberto.

Por outra banda, o centro levou cabo diferentes actuacións:

- Dotación de máis mobiliario, xogos, libros, ...para a Ludoteca.
- Decoración da Ludoteca por parte da empresa Clara Colorines.
- Cambio do valado de infantil en colaboración co Concello (500 euros).



- A Xefatura Territorial enviou unha cámara frigorífica nova para o comedor escolar.

#### **- Recursos informáticos:**

O obxectivo deste curso é continuar coa renovación e actualización dos recursos dixitais do centro.

Estase dotando e revisando os equipos para o recuncho TICs nas aulas.

As mestras/es titoras/es e especialistas seguen contando con ordenadores portátiles á súa disposición, que pouco a pouco están a quedar obsoletos, polo que o centro vese na obriga de contratar os servizos dun técnico para a súa actualización, e solicitar a intervención do equipo da UAC.

#### **- Acondicionamento de aulas e corredores:**

Este curso, o centro solicitará de novo:

- Á Unidade Técnica da Consellería que continúe co cambio de fiestras que comezara no curso 2017-2018, fontanería, cambio do teito do patio cuberto, un ascensor, seguir co cambio das portas dos baños exteriores....
- A AMTEGA, o envío de equipamentos informáticos e o cableado de Internet nas aulas que faltan.
- Á Consellería de Educación, o envío de mobiliario e recursos materiais e didácticos para os diferentes espazos.

#### **-Laboratorio:**

Esta aula empregárase, ademais de como laboratorio, como aula de audiovisuais (televisión e un DVD), obradoiro de cociña, actividades extraescolares ofertadas pola ANPA...

#### **- Comedor escolar:**

O acondicionamento e mantemento deste espazo por parte do Concello é puntual ao longo do curso.

### **2.8.-Adaptación á LOMLOE.**

No presente curso escolar, implantouse a LOMLOE en todos os cursos da etapa de Educación Infantil e de Educación Primaria.

As programacións didácticas para todos os cursos elaboráranse na aplicación informática PROENS, e rexiranse polo *Decreto 150/2022, do 8 de setembro*,

*polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia, ao Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia e á Orde do 26 de maio de 2023 que desenvolve o Decreto anterior.*

### **2.9.- Tarefas extraescolares.**

*A Disposición adicional cuarta do Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, recolle que, os centros docentes incluírán dentro da súa programación xeral anual, segundo o marco de autonomía pedagóxica e organizativa, as pautas e/ou os criterios xerais sobre o uso das tarefas extraescolares na etapa de educación primaria, de xeito que entronque co desenvolvemento adecuado das competencias clave do alumnado segundo os seus distintos procesos e ritmos de aprendizaxe, atendendo a un principio de progresividade ao longo da etapa educativa.*

En base a isto, o Claustro de mestras/es e o Consello Escolar reunido en sesión ordinaria o día 28 de xuño de 2023, revisou e aprobou nas NOFC que:

- Estas actividades irán encamiñadas a reforzar o aprendido, mellorar os hábitos de estudo, fomentar a autonomía e a responsabilidade.
- Ademais, de forma ocasional, poderán encargarse actividades de investigación, de lectura, de busca de datos ou materiais para traballos de aula. No caso de non seren entregados este tipo de traballos, non computarán na media da avaliación, sendo a súa cualificación un Insuficiente nesa actividade.
- Por outra banda, no que a etapa de Educación Infantil se refire, aquel alumnado que non remate as tarefas durante o horario lectivo adxuntaranse ao final do trimestre como “traballos sen rematar” para ser entregados á familia ou tutores legais dese alumno/a.
- Con respecto ao apartado anterior, se algunha familia desexara

que as tarefas non realizadas foran enviadas ao longo da semana, estas deberán pedilo por escrito aos tutores/as e/ou especialistas da alumna/o.

- Estas tarefas extraescolares respectarán os tempos de lecer do alumnado e a conciliación da vida persoal e familiar.
- En caso de docencia virtual e/ou telemática, desenvolverase a función docente a través de medios e aplicacións informáticas corporativas (sempre que estas existan dentro do catálogo ofertado pola Consellería de Educación) e/ou plataformas de ensino virtual de modo diario, mantendo a actividade escolar e a atención diaria do alumnado ó cal se lle imparta clase.

#### **2.10.-Proxecto competencial.**

A disposición adicional segunda do *Decreto 155/20222 do 15 de setembro* sinala que:

*1.- Os centros docentes disporán as medidas organizativas para que as alumnas e os alumnos cuxas nais, pais ou persoas titoras legais non optasen por que cursen ensinanzas de relixión reciban a debida atención educativa. Esta atención planificarase e programarase polos centros docentes a través da área de Proxecto Competencial, cuxo currículo será o que se recolle no anexo II deste decreto, que se dirixe ao desenvolvemento das competencias transversais a través da realización de proxectos significativos para o alumnado e da resolución colaborativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade, e que poderá configurarse a modo de traballo monográfico ou proxecto interdisciplinario ou de colaboración cun servizo á comunidade. En todo caso, as actividades propostas nesta área irán dirixidas a reforzar os aspectos máis transversais do currículo, favorecendo a interdiscipliniedade e a conexión entre os diferentes saberes. As actividades a que se refire este punto en ningún caso comportarán a aprendizaxe de contidos curriculares asociados ao coñecemento do feito relixioso nin a ningunha área da etapa.*

#### **2.11 Lista de libros e materiais para o curso 2023-2024**

<b>Curso e etapa</b>	<b>Área Materia Ámbito Módulo</b>	<b>Título, autor, editorial e ano de publicación</b>	<b>ISBN</b>	<b>Lingua da edición</b>
<b>4º ED.INF.</b>	<b>Matemáticas</b>	<b>Matemáticas activas.  Editorial SM</b>	<b>978849854648 4</b>	<b>Galego</b>
<b>4º ED.INF.</b>	<b>RELIXIÓN</b>	<b>Religión Católica. 3 años. Nuestra casa.  Editorial SM</b>	<b>978849182476 3</b>	<b>Castelán</b>
<b>5º ED. INF</b>	<b>Matemáticas</b>	<b>Matemáticas activas.  Editorial SM</b>	<b>978849854649 1</b>	<b>Galego</b>
<b>5º ED. INF</b>	<b>RELIXIÓN</b>	<b>Religión Católica. 4 años. Nuestra casa.  Editorial SM</b>	<b>978849182477 0</b>	<b>Castelán</b>
<b>6º ED.INF.</b>	<b>Matemáticas</b>	<b>Matemáticas activas.  Editorial SM</b>	<b>978849854650 7</b>	<b>Galego</b>
<b>6º ED.INF</b>	<b>RELIXIÓN</b>	<b>Religión Católica. 5 años. Nuestra casa.  Editorial SM</b>	<b>978849182478 7</b>	<b>Castelán</b>
<b>1º EP</b>	<b>Lingua Castelá</b>	<b>-Primeros Pasos  PAUTA. Construyendo mundos.</b>	<b>978846807160 2</b>	<b>Castelán</b>

		<b>Editorial Santillana.</b>		
<b>1º EP</b>		<b>-Lectoescritura. Construíndo mundos (1-1)</b>	<b>978849185399</b> <b>2</b>	<b>Galego</b>
	<b>Lingua Galega</b>	<b>-Construíndo mundos (1-2)</b>	<b>978849185532</b> <b>3</b>	<b>Galego</b>
		<b>Editorial Santillana.</b>		
<b>1º EP</b>		<b>Construyendo mundos. Mochila ligera.</b>	<b>978846807131</b> <b>2</b>	<b>Castelán</b>
	<b>Matemáticas</b>	<b>Editorial Santillana.</b>		
<b>1º EP</b>		<b>Ciencias da Natureza. Construíndo mundos.</b>	<b>978849185411</b> <b>1</b>	<b>Galego</b>
	<b>Ciencias da Natureza</b>	<b>Editorial Santillana.</b>		
<b>1º EP</b>		<b>Ciencias Sociais. Construíndo mundos.</b>	<b>978849185414</b> <b>2</b>	<b>Galego</b>
	<b>Ciencias Sociais.</b>	<b>Editorial Santillana.</b>		
<b>1º EP</b>		<b>Religión Católica Edén 22</b>	<b>978841392610</b> <b>0</b>	<b>Castelán</b>
	<b>Relixión</b>	<b>Editorial SM</b>		
<b>1º EP</b>		<b>All About Us Now 1 Class Book with Digital Book.</b>	<b>978019407422</b> <b>3</b>	<b>Inglés</b>
	<b>Lingua extranxeira</b>	<b>Editorial Oxford.</b>		
<b>2º EP</b>	<b>Lingua castelá</b>	<b>Construyendo Mundos. Mochila ligera.</b>	<b>978841440762</b> <b>2</b>	<b>Castelán</b>
		<b>Editorial Santillana.</b>		
<b>2º EP</b>	<b>Lingua galega</b>	<b>Construíndo Mundos. Mochila lixeira.</b>	<b>978849185675</b> <b>7</b>	<b>Galego</b>
		<b>Editorial Santillana.</b>		
<b>2º EP</b>		<b>Construyendo Mundos. Mochila ligera.</b>	<b>978841440763</b> <b>9</b>	<b>Castelán</b>
	<b>Matemáticas</b>	<b>Editorial Santillana.</b>		
<b>2º EP</b>		<b>Construíndo Mundos.</b>	<b>978849185696</b> <b>2</b>	<b>Galego</b>
	<b>Ciencias sociais</b>	<b>Editorial Santillana.</b>		
<b>2º EP</b>		<b>Construíndo Mundos.</b>	<b>978849185694</b> <b>8</b>	<b>Galego</b>
	<b>Ciencias Naturais</b>	<b>Editorial Santillana.</b>		

2º EP	Relixión	Religión Católica Edén 23 Editorial SM	978849856500 3	Castelán
2º EP	Lingua estranxeira	All About Us Now 2 Class Book with Digital Book. Editorial Oxford.	978019407443 8	Inglés
3º EP	Lingua castelá	Construyendo Mundos. Mochila ligera. Editorial Santillana.	978846807201 2	Castelán
3º EP	Lingua Galega	Construíndo Mundos. Mochila lixreira. Editorial Santillana.	978849185409 8	Galego
3º EP	Matemáticas	Construyendo Mundos. Mochila ligera. Editorial Santillana.	978846807136 7	Castelán
3º EP	Ciencias Sociais	Construíndo Mundos. Editorial Santillana.	978849185416 6	Galego
3º EP	Ciencias Naturais	Construíndo Mundos. Editorial Santillana.	978849185410 4	Galego
3º EP	Relixión	Religión Católica. Edén 22. Editorial SM.	978841392611 7	Castelán
3º EP	Lingua estranxeira	All About Us Now 3 Class Book with Digital Book Editorial Oxford.	978019407465 0	Inglés
3º EP	Lingua estranxeira	All About Us Now 3 Activity Book+ ALK with Digital Book Editorial Oxford.	978019407384 4	Inglés
4º EP	Lingua castelá	Construyendo Mundos. Mochila ligera. Editorial Santillana.	978841440738 7	Castelán

4º EP	Lingua galega	Construíndo Mundos. Mochila lixeira. Editorial Santillana.	978849185705 1	Galego
4º EP	Matemáticas	Construyendo Mundos. Mochila ligera. Editorial Santillana.	978841440769 1	Castelán
4º EP	Ciencias Sociais	Construíndo Mundos. Editorial Santillana.	978849185698 6	Galego
4º EP	Ciencias Naturais	Construíndo Mundos. Editorial Santillana.	978849185692 4	Galego
4º EP	Relixión	Religión Católica Edén 23 Editorial SM	978849856501 0	Castelán
4º EP	Lingua estranxeira	All About Us Now 4 Class Book with Digital Book. Editorial Oxford.	978019407480 3	Inglés
4º EP	Lingua estranxeira	All About Us Now 4 Activity Book+ ALK with Digital Book Editorial Oxford.	978019407390 5	Inglés
5º EP	Lingua Castelá	Construyendo Mundos. Mochila ligera. Editorial Santillana.	978846807200 5	Castelán
5º EP	Lingua Galega	Construíndo Mundos. Mochila lixeira. Editorial Santillana.	978849185412 8	Galego
5º EP	Matemáticas	Construyendo Mundos. Mochila ligera. Editorial Santillana.	978846807140 4	Castelán
5º EP	Ciencias Sociais	Construíndo Mundos. Editorial Santillana	978849185415 9	Galego
5º EP	Ciencias Naturais	Construíndo Mundos. Editorial Santillana	978849185407 4	Galego

5º EP	Relixión	Religión Católica Edén 22. Editorial SM	978841392612 4	Castelán
5º EP	Lingua estranxeira	All About Us Now 5 Class Book with Digital Book Editorial Oxford.	978019407498 8	Inglés
5º EP	Lingua estranxeira	All About Us Now 5 Activity Book+ ALK with Digital Book Editorial Oxford.	978019407396 7	Inglés
6º EP	Lingua castelá	Construyendo Mundos. Mochila ligera. Editorial Santillana.	978841440747 9	Castelán
6º EP	Lingua galega	Construíndo Mundos. Mochila lixeira. Editorial Santillana.	978849185727 3	Galego
6º EP	Matemáticas	Construyendo Mundos. Mochila ligera. Editorial Santillana.	978841440772 1	Castelán
6º EP	Ciencias Sociais	Construíndo Mundos. Editorial Santillana.	978849185693 1	Galego
6º EP	Ciencias Naturais	Construíndo Mundos. Editorial Santillana.	978849185669 6	Galego
6º EP	Relixión	Religión Católica Edén 23 Editorial SM	978849856502 7	Castelán
6º EP	Lingua estranxeira	All About Us Now 6 Class Book with Digital Book Editorial Oxford.	978019407513 8	Inglés
6º EP	Lingua estranxeira	All About Us Now 6 Activity Book+ ALK with Digital Book Editorial Oxford.	978019407402 5	Inglés
6º EP	Valores cívicos e éticos	Valores cívicos e éticos 6º Educación Primaria	978849185534 7	Galego



## **2.12.- Avaliación interna.**

O centro pretende levar a cabo a revisión dos documentos e proxectos que se están a desenvolver e que, de seguro, mellorarán o funcionamento do centro. Avaliaranse a PXA, o PAT, o Proxecto lingüístico, o Proxecto lector, o Plan de Convivencia e o Plan de Igualdade.

A avaliación do alumnado rexirase pola Orde do 30 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa e pola Orde do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.

Realizarase por parte dos titores/as, unha avaliación inicial e ao longo do curso faranse tres sesións de avaliación para cada grupo.

Na Comisión de Coordinación Pedagóxica celebrada o 4 de setembro de 2023 fixéronse as datas:

- *Sesión de avaliación inicial: 2 de outubro de 2023*
- *1ª Avaliación: 12 e 18 de decembro de 2023*
- *2ª Avaliación: 4 e 11 de marzo de 2024*
- *3ª Avaliación e ordinaria: 25 de xuño de 2024*

Nas xuntas de avaliación e nas correspondentes actas, quedarán reflectidas as necesidades que se detecten no alumnado, así como as decisións de promoción que se adopten na avaliación final. Dende o equipo directivo, departamento de orientación e claustro, adoptaranse aquelas medidas que sexan necesarias.

## **2.13.-Avaliación Programación Xeral Anual.**

O Claustro de mestres valorará o grao de cumprimento dos obxectivos da PXA e fará propostas de mellora cando o crea necesario. Do mesmo xeito, poderá ser revisada cando algún sector do Consello Escolar o requira.

Na Memoria Anual, cando remate o curso, recolleranse as distintas memorias e o grao de consecución dos obxectivos e as propostas de mellora de cara ao curso seguinte.

### **3-OBXECTIVOS QUE O CENTRO SE PROPÓN CONSEGUIR AO LONGO DESTE CURSO ACADÉMICO.**

#### **□ OBXECTIVOS XERAIS**

- Velar polo bo funcionamento e organización do centro, utilizando os recursos humanos e materias de que se dispón.

#### **□ OBXECTIVOS ESPECÍFICOS**

- Intentar levar a cabo todos os obxectivos posibles que figuran nos distintos apartados desta programación.
- Promover unha boa coordinación pedagóxica entre o profesorado, os distintos equipos, así como unha boa relación coa comunidade educativa e coas distintas institucións.
- Actualizar o Proxecto Educativo según lexislación vixente.
- Aprobar o Plan de Autoprotección e realizar un simulacro de evacuación ao longo do curso.
- Actualizar a NOFC, o Plan de Acción Titorial, o Proxecto Lingüístico, o Proxecto lector, o Plan de Convivencia e o Plan de Igualdade.
- Fomentar as actividades de formación do profesorado.
- Mellorar as alternativas e zonas do alumnado no tempo de lecer (presenza de zonas con xogos variados).
- Coordinar e favorecer os distintos proxectos de organización e plans de mellora do centro: merendas saudables, Contrato Programa Innova (EDU-Saúde), Plan Proxecta (PVDA e XOGADE), Programa RETO...
- Impulsar o uso dos recursos informáticos e tecnolóxicos cos que contamos e seguir fomentando o uso da Aula Virtual.
- Renovar e actualizar, na medida do posible, os recursos TIC do centro.
- Empregar o programa de xestión administrativa da educación: XADE (DOC, profesorado, alumnado, servizos complementarios de comedor e transporte escolar, persoal non docente...)
- Levar a cabo as xestións oportunas ante as autoridades competentes para subsanar deficiencias ou imprevistos.
- Promover as coordinacións entre o centro, o Concello e a ANPA.

#### **□ MEDIDAS**

- Elaboración dos horarios de atención ao alumnado.

- Distribución do profesorado nos distintos órganos de participación e coordinación.
- Organizar o calendario de reunións dos distintos equipos encargados dos diferentes proxectos
- Información ás familias para a súa colaboración na mellora educativa dos seus fillos.

□ **RECURSOS**

- Normativa vixente en canto a organización e funcionamento do centro.
- O currículo de Educación Infantil e Primaria.
- O XADE web, o programa MEIGA (pendente de cambio para o programa KOA), os blogs, a páxina WEB e a Aula Virtual do centro, ABALAR...
- As asignacións orzamentarias da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.
- Recursos do centro e os que nos poidan facilitar as distintas institucións.

## **4.-CONCRECIÓN ANUAL DO PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE**

## **ÍNDICE:**

### 1.- INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

#### 1.1.-INTRODUCCIÓN

#### 1.2.-CONTEXTUALIZACIÓN

##### 1.2.1. XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO

##### 1.2.2. ESTRUCTURA DO DEPARTAMENTO

##### 1.2.3. HORARIO DA XEFA DO D.O.

#### 1.3. OBXECTIVOS

#### 1.4. LIÑAS PRIORITARIAS DE ACTUACIÓN

#### 1.5. EXTRATEXIAS DE INTERVENCIÓN

#### 1.6. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

#### 1.7. PLAN DE ACTIVIDADES

### 2.- ALUMNADO ESCOLARIZADO POR NIVEIS QUE PRECISA ATENCIÓN E APOIOS ESPECIALIZADOS DE PT E AL.

### 3.- MODELO E INDICADORES PARA O SEGUIMENTO DA PROGRAMACIÓN E DA PRÁCTICA

#### 3.1. PROCESOS DE SEGUIMIENTO, AVALIACIÓN E MELLORA DO PLAN

#### 3.2. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

#### 3.3. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN DO PLAN

### 4.- PROGRAMACIÓN DA MESTRA ESPECIALISTA EN PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA

### 5.- PROGRAMACIÓN DAS MESTRAS ESPECIALISTAS EN AUDICIÓN E LINGUAXE

## **1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN:**

### **1.1 INTRODUCCIÓN:**

O presente Plan Anual do Departamento de Orientación pretende planificar e programar a acción orientadora para o presente curso 2023-2024.

A Orientación Educativa pode definirse como un servizo para axudar ao alumnado, ás familias e ao profesorado a progresar cultural, educativa e socialmente no ámbito específico dos centros escolares. Este feito, lévase a práctica mediante un conxunto de obxectivos e accións especificadas neste Plan, procurando a posta en práctica do proceso de axuda que posibilite unha educación plena e individualizada dos alumnos/as. Accións con base pedagóxica e, polo tanto, inseparables da educación.

Outra función fundamental é a coordinación dos distintos integrantes do DO, abarcando moitos aspectos e técnicas para conseguir os obxectivos propostos. Deste xeito supón actuar co conxunto da comunidade educativa, co apoio dos docentes, os alumnos/as e as familias, para asegurar a coordinación necesaria e actuar nun ou outro contorno educativo, atendendo á diversidade do alumnado.

### **1.2 CONTEXTUALIZACIÓN:**

Teremos en conta a atención á diversidade nos diferentes plans de centro referidos: PXAD, PAT, Plan Convivencia, PXA, e está enmarcado na programación do Departamento de Orientación. Así mesmo, enténdese a educación na diversidade como unha resposta á necesidade de formar unha cidadanía preparada para desenvolver a súa vida respectándose a sí mesma. Este Plan Anual complétase coas programacións específicas dos mestres especialistas en pedagogía terapéutica e audición e linguaxe, que con entidade propia, non nos libera da responsabilidade profesional de formar aos nosos alumnos e alumnas dun xeito comprensivo, harmónico e integral. Articularanse as actuacións relacionadas coa orientación e a acción tutorial, formando parte da organización pedagóxico-educativa do centro e estrutura xeral deste. Adicarase un epígrafe propio do PE como documento que planifica e estrutura a acción orientadora dos equipos docentes e do centro educativo no seu conxunto, con especial incidencia na atención á diversidade e na

acción tutorial, de acordo coas directrices establecidas polo Claustro de profesores e a CCP.

### **XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO**

Este Plan de Orientación con aplicación real, ten que planificarse en base á análise das características e necesidades específicas dos centros educativos aos que vai destinado. Trata de ser un documento práctico polo que se busca a síntese e o sinxelo, partindo de características singulares que a definen e condicionan. Aproveitaranse os recursos contextuais do centro e da localidade; instrumentos para materializar as propostas da acción orientadora e educativa. O concello de Camariñas é costeiro. A maior parte da súa poboación activa adícase ás actividades que teñen relación coa pesca, o marisqueo, no sector conserveiro de peixe, marisco e polbo, no sector da construción, agricultura, así como un número importante de mulleres que se adican á confección de encaixes de bollillos.

Teremos tamén en conta a gran importancia que ten nesta zona a emigración. Anteriormente era masiva a emigración a Suiza que foi decaendo a favor das Illas, sobre todo das Canarias. Durante os cursos pasados, sobre todo debido á crise económica, comezaron a darse casos de retornos de familias completas, o que provocou un incremento nos casos de alumnado con problemas de adaptación e de aprendizaxe.

Esta é unha zona que dista bastante da capital de provincia (A Coruña, a 90 Km) polo que os servizos que alí poida haber para os alumnos con n.e.a.e. non son moi cómodos, nin moi económicos de empregar. As comunicacións colectivas da vila e dos arredores coa capital establécense a través dunha liña de autobuses. En Ponte do Porto está o centro xeográfico da zona onde o alumnado vai cursar a E.S.O.

Teremos en conta, principalmente, os seguintes factores:

#### **Características do alumnado:**

O número de alumnado do Centro Base, CEIP Plurilingüe Ponte do Porto, é de 158, no CEIP de Camelle 16 alumnos/as . Ao longo do curso pode variar a matrícula.

O alumnado é, maioritariamente, galego-falante.

Entre a diversidade de alumnado que se escolariza no centro, atópase alumnado con moitas dificultades no ámbito socio-familiar, (problemáticas de desestructuración, baixo nivel socioeconómico e cultural, razóns de tipo laboral...) que impiden que poidan recibir as axudas necesarias ou adquirir hábitos axeitados no seo da súa familia; así mesmo, presenta un número importante deste alumnado, atraso no proceso de maduración persoal e na adquisición de competencias básicas e hábitos de traballo, sendo moi escaso o nivel de motivación.

O número de **alumnado con neae** nestes centros é bastante elevado. A maioría das necesidades específicas de apoio educativo están asociadas a alteracións na fala e na linguaxe; algúns casos de TDAH, alumnado con neae asociadas a deficiencias auditivas, neae asociadas a trastornos lectores, retraso madurativo e neae asociadas a Trastornos Xeneralizados do Desenvolvemento; varios alumnos de Educación Infantil acoden ao servizo de Atención Temperá e tamén son varios os casos de alumnado que asisten a Servizos Logopédicos e clases de reforzo.

O número de alumnado atendido no momento actual polo Departamento de Orientación son un número considerable con diferente grao de necesidade e discapacidade. Destes, no curso actual, contamos con alumnado con ACS e outros en previsión de facerlla.

### **Profesorado:**

Destacable para dar continuidade ao Servizo de Orientación que o persoal que constitúe o D.O. deste centro ten unha mobilidade excesiva, debido á situación do profesorado (interinidade, substitucións, comisións de servizo...). Por outra banda, comentar que algúns dos membros do departamento son itinerantes, caso da orientadora e das especialistas en audición e linguaxe.

### **Familias:**

A maioría das familias do alumnado adócanse a profesións relacionadas co sector primario (pesca) e co sector secundario (construción). Aínda que tamén abundan os pais que se adican ao sector servizos (comercio, transportes, hostalaría, finanzas, servizos públicos-educación e sanidade- e administración pública).

A axuda ás tarefas escolares son apoiadas por parte da nai case en exclusividade, manténdose o pai ao marxe da situación académica do alumno/a. Polo que se conclúe que o rol establecido entre o pai e a nai, é moi diferenciado.

### **Organización do centro educativo:**

Como norma xeral, o profesorado acomodará o proceso de ensino-aprendizaxe ás condicións particulares de cada neno/a, o que pode traducirse nunha flexibilización metodolóxica, organizativa e de cooperación familiar.

Na atención daquel alumnado con necesidade específica de apoio educativo e, dende o punto de vista propiamente académico, lévanse a cabo **varios tipos de actuacións** de carácter organizativo, pedagóxico e curricular:

#### ***ü RE que establece o mestre que imparte cada materia:***

Son medidas de carácter ordinario (O8/09/21) que o propio profesorado diseña e aplica con aquel alumnado que ten dificultades de seguimento da programación diaria, ben por exceso ou por defecto (traballos específicos de recuperación, traballos de ampliación, materiais de reforzo ...).

#### ***ü RE con apoio de profesorado con dispoñibilidade horaria:***

Esta medida contempla o apoio de profesorado do centro nas áreas instrumentais. É variable ao longo do ano e ponse en funcionamento ao comezo de cada curso en función da dispoñibilidade horaria do profesorado.

#### ***ü RE con apoio especializado:***

Son medidas de carácter extraordinario que contemplan o apoio temporal, dunha profesora especialista en audición e linguaxe e/ou dunha en pedagogía terapéutica, tanto dentro coma fóra da aula, e, polo tanto, variable ao longo do curso.

### **Medios materiais e recursos humanos:**

- **Humanos.** Todos os do centro e os externos que inciden no proceso educativo do alumnado e poidan asesorar e axudar na mellora da calidade da aprendizaxe que reciben. (Atención Temperá, EOE, Servizos Sociais do Concello de Camariñas, Servizos Sanitarios, IES ...)



- **Materiais:** Test estandarizados, manuais, revistas, as novas tecnoloxías da información, dípticos, folletos, follas de rexistro, materiais de reforzo educativo (caderniños, libros de texto, fichas de mellora da comprensión ou velocidade lectora), fichas que favorecen a mellora dos procesos cognitivos básicos (percepción, atención, memoria), fichas para traballar as habilidades sociais ou as emocións, ... Aulas de informática, Biblioteca, Laboratorio de Idiomas, Aula Psicomotricidade, aula de estimulación sensorial, ...

### **1.2.2 ESTRUTURA DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN**

De acordo co Decreto 120/98 do 23 de abril, polo que se regula a Orientación educativa e Profesional na nosa Comunidade Autónoma, este Departamento estará integrado polos seguintes membros:

- Mestra Especialista en Pedagogía Terapéutica: Lucía Barreiro Iglesias
- Mestra Especialista en Audición e Linguaxe: Raquel Álvarez Fernández en substitución de Tania Villamor Vázquez
- Mestra Especialista en Audición e Linguaxe: Xulia Añón Caamaño
- Mestra coordinadora de Educación Infantil: M.<sup>a</sup> Katia Sánchez Alonso
- Mestra coordinadora do 1º ciclo de Educación Primaria: Ana Cristina Barbeito Fraga
- Mestra coordinadora do 2º ciclo de Educación Primaria: Carme Novoa Casais.
- Mestra coordinadora do 3º ciclo de Educación Primaria: María Costa Pereira.
- Directora do Centro base Ceip Plurilingüe Ponte do Porto: Teresa Barrientos Murias.
- Director do centro adscrito CEIP de Camelle: Enrique Charlón Cedeira
- Xefatura do D.O.: Natalia Soto Antón

### **1.2.3 - HORARIO DA XEFA DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN**

O horario da xefa do departamento será o mesmo que os dos centros: no C.E.I.P. Ponte do Porto o horario será: luns, martes e xoves de 9.30h a 14.30h, máis as horas semanais de adicación ao centro, neste caso os martes de 16 a 19h. No C.E.I.P. "O Areal" de Camariñas será de 9:30 a 14:30 h. os mércores e venres.

Dentro dese horario, contemplaranse as posibles saídas ao CEIP de Camelle. De ser necesario, faránse visitas a especialistas (médicos, psicólogos...) que atenden ao alumnado con necesidades educativas especiais, para compartir datos sobre a evolución dos mesmos e concretar actuación conxuntas.

As xuntanzas do Departamento serán **os derradeiros luns de cada mes**. Tamén se realizarán ese día as xuntanzas trimestrais (si son necesarias) con tódolos representantes dos centros adscritos. Asemade haberá unha sesión semanal cos especialistas de P.T. e A.L. (xoves) para coordinación e planificación do traballo cos alumnos con n.e.a.e.

### **1.3.- OBXECTIVOS:**

#### **XERAIS:**

**1.Cooperar** coa comunidade educativa (equipo directivo, profesorado, alumnado, ANPA) e outras, favorecendo canles de comunicación e actuación.

**2.Contribuír á dinamización** da planificación e organización educativa.

**3.Participar** na revisión dos documentos de planificación e xestión do centro.

**4.Asesorar e ofrecer recursos** á comunidade educativa para que nos distintos documentos e actuacións do centro se contemple a atención á diversidade e se favoreza o desenvolvemento de actitudes de tolerancia e a **prevención de condutas violentas**.

**5.Promover actuacións** dirixidas á mellora continua da calidade.

**6.Coordinar accións** que favorezan o tránsito do alumnado entre etapas educativas, especialmente cando ademais cambien de centro educativo.

**7.Potenciar a coordinación** e cooperación entre o centro e as familias, facéndoas partícipes daqueles aspectos da orientación educativa nos que poden incidir en maior medida.

**8.Participar no desenvolvemento** dos plans de centro ou por ámbitos de intervención que elaboren ou promovan os equipos de orientación específicos ou de varios centros a través de proxectos de actuación conxunta.

#### **Ø EN RELACIÓN AO ALUMNADO.**

- Favorecer a aceptación das diferenzas individuais.
- Facilitar e canalizar a integración de nenos e nenas con posibles deficiencias e limitacións.

- Buscar a colaboración das familias para a adquisición de hábitos de autonomía e auto-coidado.
- Promover estratexias que desenvolvan unha aprendizaxe significativa.
- Coñecer as características persoais, familiares, sociais e escolares do alumnado para favorecer a consecución de obxectivos de aprendizaxe.
- Avaliar as aptitudes básicas para a aprendizaxe.
- Diseñar estratexias para favorecer a aprendizaxe da lectura e escritura.
- Diseñar actividades para o desenvolvemento dos valores e o fomento da colaboración, axuda mutua e respecto polos outros.
- Coñecer as características individuais do alumnado tanto a nivel persoal como familiar e socio-ambiental.
- Levar a cabo as avaliacións psicopedagóxicas do alumnado que o precise, nos prazos de tempo que permitan ofrecerlle a resposta educativa mais axeitada.
- Colaborar cos pais para lograr a mellor integración do alumnado na ESO e de infantil a primaria.
- Observar, recoller información e contribuír ao desenrolo da orientación Escolar para que ao remate do ciclo poida promocionar nas mellores condicións a ESO.

#### **Ø EN RELACIÓN ÁS FAMILIAS.**

- Implicar ás familias en actividades de apoio ao aprendizaxe e orientación dos seus fillos.
- Asesorar aos pais e nais nos momentos en que atopen algunha dificultade na educación dos seus fillos ou fillas.

#### **Ø EN RELACIÓN AO PROFESORADO.**

- ·Lograr a súa colaboración nos procesos de avaliación psicopedagóxicos e na organización de reforzos ao alumnado con NEAE.
- Asesorar no deseño, seguimento e avaliación das ACS.
- Asesorar aos titores e titoras e, ao profesorado en xeral, na realimentación da documentación académica do alumnado, en especial do que recibe medidas de atención á diversidade, propoñendo as oportunas modificacións cando sexa necesario.

- Poñer en práctica o plan de convivencia do centro.
- Colaborar co DO do IES nas actividades de preparación do alumnado para o ingreso na ESO.
- Colaborar no desenvolvemento do Plan de Acción Titorial.
- Promover o traballo compartido e a innovación educativa.
- Colaborar no deseño dos criterios de avaliación e promoción do alumnado.
- Potenciar a relación coas familias.

#### **Ø EN RELACIÓN AO CENTRO.**

- Elaborar as propostas do Departamento de Orientación e transmitilas aos membros da comunidade educativa.
- Asesorar e ofrecer recursos á comunidade educativa que favorezan a posta en práctica de medidas organizativas e curriculares de atención á diversidade que precisa o alumnado.
- Asesorar e ofrecer recursos á comunidade educativa que fomenten a tolerancia e a mellora da convivencia.

#### **Ø EN RELACIÓN A OUTRAS INSTITUCIÓN.**

- Realizar reunións co Departamento de Orientación do IES ao que están adscritos estes centros de cara a lograr unha liña de actuación conxunta.
- Establecer canles de colaboración con entidades que poidan axudar á mellor integración do alumnado con NEAE (Atención Temperá, Gabinetes logopédicos e psicopedagóxicos, Centros de Saúde).
- Manter contactos cos servizos sociais do Concello.
- Manter contactos co E.O.E., derivando problemas específicos para recibir asistencia técnica.

### **ESPECÍFICOS**

1.-Participar na elaboración de propostas dende o DO para celebración das conmemoracións, programas de habilidades sociais.

#### **1.4 LIÑAS PRIORITARIAS DE ACTUACIÓN.**

Tendo en conta a análise da Circular 10/2010 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se ditan instrucións para coordinar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional da Comunidade Autónoma de Galicia, que define as liñas prioritarias de actuación que deben ser tamén referente da nosa acción orientadora, establecemos como **liñas prioritarias**:

1. Contribuír á personalización dos procesos de ensino-aprendizaxe (medidas de atención á diversidade), impulsando iniciativas de compensación de desigualdades de orixe.
2. Procurar a integración do alumnado no seu grupo e no conxunto da dinámica escolar.
3. Atender ás demandas persoais de orientación que se presenten, así como ás NEAE.
4. Coordinar accións que favorezan o tránsito do alumnado entre etapas educativas, especialmente cando exista un cambio de centro educativo.
5. Levar á práctica un deseño funcional de orientación educativa e acción tutorial con fins preventivos, compensadores e de desenvolvemento persoal.
6. Identificar as dificultades e potencialidades do alumnado con NEAE, concretando as pautas de actuación e medidas para a súa atención.
7. Asesorar ao profesorado na planificación, desenvolvemento e avaliación do traballo dos docentes.
8. Colaborar na resolución das necesidades que teñan as titoras e titores para levar a cabo a función tutorial.
9. Coordinar a actuación do profesorado titor, o profesorado de apoio a NEAE e o orientador, de cara a dar resposta ás NEAE do alumnado.
10. Apoiar a actuación do profesorado, proporcionándolle información sobre recursos, medios materiais, didácticos e estratexias metodolóxicas que poidan favorecer o seu labor docente e tutorial.
11. Coordinar o proceso de avaliación formativa do alumnado, especialmente no caso das N.E.A.E. e a información ao alumnado e ás familias.
12. Promover actividades informativas e orientadoras que comprometan ás familias na consecución dos obxectivos educativos.
13. Establecer contactos periódicos coas familias co fin de asumir conxuntamente a orientación educativa dos seus fillos.

**14. Informar e asesorar ás familias do alumnado con NEAE.**

**1.5 ESTRATEXIAS DE INTERVENCIÓN:**

- a) Proporcionar ao alumnado información referente ao calendario escolar, horarios, atención ás familias, actividades extraescolares (se a situación o permite) e complementarias, programas escolares e criterios de avaliación.
- b) Colaboración dos equipos docentes, titoras ou titores, familias e o departamento de orientación para unha pronta detección de posibles NEAE do alumnado, co obxecto de buscar as respostas educativas adecuadas, que permitan levar a cabo unha rápida intervención.
- c) Será labor de todos os docentes do grupo, coordinados polo titor ou titora en colaboración co Departamento de Orientación, axudar ó alumnado para que adquira procedementos axeitados de traballo intelectual. O titor/a poñerá en práctica estratexias encamiñadas a que o alumnado teña coñecemento da estrutura do sistema educativo e das posibilidades de estudo a curto, medio e longo prazo.
- d) Os equipos de profesores/as poñerán en práctica estratexias encamiñadas a informar ao alumnado dos criterios polos que vai ser avaliado e a afondar na correcta utilización das modalidades de avaliación continua, formativa e sumativa.

Do mesmo xeito, e referidas á relación entre o titor/a, mestres e familias levarase a cabo as seguintes estratexias:

- 1. Detectar e previr condutas do alumnado que dificulten o seu proceso de ensino-aprendizaxe, solicitando o asesoramento necesario de ser o caso.
- 2. Coordinar as actividades orientadoras e titorías do Centro que afectan ó seu grupo.
- 3. Participar activamente no desenvolvemento do plan de acción titorial.
- 4. Prestar apoio técnico no referido á avaliación inicial do alumnado.
- 5. Organizar as xuntas de avaliación nas que se realizará unha síntese da avaliación formativa referente a:

- Os logros acadados polo alumnado en referencia á avaliación inicial.
- A situación actual do alumnado con NEAE.
- Os materiais empregados.
- A metodoloxía aplicada.
- A situación do grupo-clase.

6. Favorecer unha adecuada comunicación familia-centro, comunicándolles horario de atención ás familias, mantendo entrevistas persoais, etc.

7. Informar ás familias dos aspectos educativos dos seus fillos ou fillas e así mesmo, recabar á información precisa para mellorar a situación escolar do alumnado.

### **1.6 CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

Ao longo do curso avaliarase tendo en conta os acordos tomados nas distintas reunións que se celebren durante o curso escolar (co Equipo de Orientación Específico, Departamento de Orientación, Claustro, Consello Escolar, Comisión de Coordinación Pedagóxica, reunións de ciclo,.). Ao final, faráse unha avaliación sumativa que permita determinar se foron acadados os obxectivos. Os datos obtidos da avaliación serán os que nos sirvan de punto de partida para a elaboración do plan do seguinte curso.

#### Criterios de avaliación:

1. Enumeración das actividades realizadas e valoración da súa repercusión no clima escolar e na implicación educativa do profesorado.
2. Avaliación pública dos logros acadados.
3. Recollida de información valorativa do claustro, departamentos, sobre as actividades do centro.

### **1.7.PLAN DE ACTIVIDADES DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN**

Concrétanse neste apartado as actuacións que farán posible a consecución dos obxectivos fixados neste plan. Revisaranse debidamente ao longo do curso.

<b>ACTIVIDADES</b>	<b>TEMPORALIZACIÓN</b>	<b>AXENTES IMPLICADOS</b>
Reunións co profesorado para coordinar tarefas.	Todo o curso.	Xefa de estudos, profesorado, orientadora
Reunións individuais coas familias.	Todo o curso.	Orientadora
Reunións D.O.	Todo o curso, segundo establece a normativa	Departamento de Orientación.
Reunións con representantes de distintas institucións (Servizos Sociais do Concello, ASPANAES...), para intercambiar información.	Todo o curso.	Orientadora
Manter contactos e colaborar co E.O.E.	Todo o curso.	Orientadora e distintos membros do E.O.E.
Avaliacións psicopedagóxicas para o alumnado con N.E.A.E. que sexa remitido ao departamento polo profesorado, nais, pais ou tutores.	Todo o curso.	Orientadora



Proporcionar información sobre recursos, medios materiais, didácticos e estratexias metodolóxicas que poidan favorecer o seu labor docente e titorial. Incrementar o uso de materiais audiovisuais e informáticos.	Todo o curso.	Profesorado, D.O.
Sesións de avaliación do alumnado.	A finais de cada trimestre.	Profesorado, D.O
Entrevistas e apoio ó alumnado con N.E.A.E. (intervención emocional).	Todo o curso.	Orientadora
Decisións sobre medidas organizativas que favorezan a atención á diversidade.	Todo o curso.	Orientadora, Xefa de estudos.
Programa de prevención de dificultades na linguaxe oral e articulación de fonemas en Ed. Infantil.	Todo o curso.	D.O., Profesora de A.L.
Seguimento de alumnado con ACS	Todo o curso.	Profesorado, Orientadora
Asesoramento e orientación ao profesorado que imparte clases ao alumnado con N.E.A.E.	Todo o curso.	Orientadora

Coordinación co profesorado que imparte reforzos específicos.	Segundo demandas.	as Profesorado, D.O.
Agrupamento do alumnado de acordo cos criterios establecidos no D.O.	1º trimestre.	Claustro.
Realización dos informes para os solicitantes das bolsas NEAE	1º trimestre (Setembro)	Orientadora
Organización dos apoios ó alumnado con N.E.A.E.	1º trimestre.	Titores/as, Orientadora, Xefa de estudos.
Programa de traballo a desenvolver co alumnado con N.E.A.E.	1º trimestre.	D.O, PT, profesorado.
Redacción do plano anual do centro.	1º trimestre.	Equipo directivo.
Avaliación inicial do alumnado. Informes para as bolsas de axuda alumnado NEAE	1º trimestre.	Profesorado. Orientadora
Redacción do plan de apoio ao proceso de ensino-aprendizaxe e orientación académica.	1º trimestre.	D.O.
Elaboración de informes do alumnado con N.E.A.E.	Todo o curso.	Orientadora.

Desenvolver actividades referidas ao desenvolvemento da lectura que fagan especial énfase na adquisición do hábito lector e na mellora da comprensión e eficacia lectora.	Todo o curso	D.O., titores/as.
Adquisición de material e equipamento específico do Departamento de O.	2º trimestre.	Orientadora
Desenvolver, en colaboración cos titores/as programas e actividades dirixidos á mellora de habilidades para o estudio e a aprendizaxe autónoma e mellora de actitudes de convivencia.	2º trimestre.	Orientadora., titores/as.
Orientación académica e de toma de decisións para o alumnado de 6º de Primaria	3º trimestre.	Orientadora., titor/a 6º.
Colaborar na avaliación final do alumnado de 6º de primaria.	Mes de maio.	D.O.
Colaborar na avaliación do alumnado de 6º de Educación infantil.	Mes de maio.	D.O.

Avaliación das medidas de atención á diversidade.	3º trimestre.	Departamento de Orientación, Xefa de estudos.
Avaliación do plan do Departamento de Orientación.	3º trimestre.	Todos.
Elaboración da memoria do D.O.	3º trimestre.	Orientadora

## **2- ALUMNADO ESCOLARIZADO POR NIVEIS QUE PRECISA ATENCIÓN E APOIOS ESPECIALIZADOS DE AL/PT:**

No CEIP Plurilingüe Ponte do Porto atenderanse, inicialmente ao alumnado con diferentes necesidades, priorizando aos NEE segundo a Orde 8 de setembro de 2021; no Ceip de Camelle, nun principio non contan con ningún tipo de apoio especializado aínda que a lo menos 5 alumnos/as o precisarían. Elaboraranse horarios flexibles e modificables ao longo do curso en función da evolución do alumnado con NEAE o da aparición de novos casos que o precisen.

Ó comezo do presente curso, inicialmente, 30 alumnos/as contarán con apoio por parte das especialistas en PT e das mestras especialistas en A.L.

## **3- MODELO E INDICADORES PARA O SEGUIMENTO DA PROGRAMACIÓN E DA PRÁCTICA DOCENTE**

A finalidade do seguimento do plan de Intervención é tomar decisións en relación ao seu deseño e desenvolvemento, é dicir, determinar a súa eficacia e introducir as modificacións oportunas para a súa mellora..

Para a recollida de datos será necesario arbitrar distintos momentos e métodos de recollida de información: reunións de pais, CCP, xuntas da avaliación, departamentos didácticos, actas de avaliación, cuestionarios...

Os datos recollidos deberán permitir coñecer o grao de consecución dos obxectivos plantexados e os problemas específicos relacionados coa súa implementación. É preciso avaliar o seu desenvolvemento xunto co Plan Xeral de Atención á diversidade. Deben fixarse pois, uns criterios xerais de avaliación

e establecer procedementos e instrumentos para valorar o grao de cumprimento do recollido neste documento de planificación, así como a idoneidade dos obxectivos, elementos e actuacións derivados do mesmo.

**A avaliación permitirá:**

- Comprobar se os diferentes programas ou medidas que conforman o Plan Anual do Departamento de Orientación acadan os seus obxectivos
- Informar sobre o seu desenvolvemento, detectando as súas limitacións e fortalezas e permitindo introducir as melloras necesarias.

Para iso teremos en conta os seguintes **indicadores:**

- Adecuación das estratexias e instrumentos utilizados
- Nivel de participación da comunidade educativa en xeral.
- Nivel de participación do D.O
- Grao de adecuación das diferentes medidas que conforman o plan ás necesidades detectadas
- Grao de eficacia na identificación das necesidades reais.
- Adecuación dos recursos humanos e materias ás necesidades detectadas.
- Participación e implicación da comunidade educativa no desenvolvemento e avaliación do Plan de Intervención.
- Grao de aplicabilidade dos protocolos
- Consecución dos obxectivos propostos.
- Grao de satisfacción dos implicados (alumnos/as, profesores/as e familias)

**3.1 PROCESOS DE SEGUIMIENTO, AVALIACIÓN E MELLORA DO PLAN**

A avaliación constitúe un elemento fundamental para a mellora de calquera actividade. Só desde unha reflexión crítica sobre o desenvolvemento das actuacións emprendidas, poden poñerse en marcha procesos de mellora fundamentados no ámbito educativo. Este proceso de reflexión debe ser compartido, de forma que no mesmo se lles dea cabida aos distintos axentes protagonistas da comunidade educativa, permitindo así enriquecer as propostas de mellora coas aportacións e perspectivas destes.

No que ao Plan Xeral de Atención á Diversidade se refire, é preciso avaliar o seu desenvolvemento xunto co do plan anual de actividades do Departamento

de Orientación (PAADO). Deben fixarse pois, uns criterios xerais de avaliación e establecer procedementos e instrumentos para valorar o grao de cumprimento do recollido neste documento de planificación, así como a idoneidade dos obxectivos, elementos e actuacións derivados do mesmo.

### **3.2 CRITERIOS DE AVALIACIÓN:**

O plan está sometido a un proceso de avaliación continua, tanto nos seus compoñentes como na planificación da intervención para analizar a consecución e idoneidade dos obxectivos previstos:

- **Referidos ao alumnado:** grao de adquisición de información e procedementos, evolución e cambios nas actitudes sobre convivencia, superación de dificultades, satisfacción subxectiva da participación nas actividades. Instrumentos: análise da avaliación académica, probas e cuestionarios específicos...
  - **Referidos ao profesorado, titores, orientador/a:** grao de implicación no desenvolvemento curricular, calidade comunicativa co alumnado, calidade da información utilizada.
  - **Referidos ao deseño e desenvolvemento curricular:** adecuación dos obxectivos ás necesidades detectadas, pertinencia dos contidos seleccionados, eficacia da metodoloxía empregada, idoneidade do modelo interdisciplinar de integración curricular... Instrumentos: contraste de resultados dos cuestionarios, posta en común e discusión nas reunións de coordinación e seguemento.
  - **Referidos ao asesoramento:** grao de implicación dos participantes nas medidas acordadas, satisfacción subxectiva dos participantes sobre o proceso e sobre os resultados. Instrumentos: entrevistas persoais, análise verbal das actuacións.
- *Estratexias para a toma de decisións sobre planificación e execución:*
- Reflexión e valoración desde a práctica real, con introdución dinámica de modificacións.
  - Activación periódica da análise de necesidades.
  - Análise crítica de progresos e dificultades.

- Conversión de demandas e suxerencias realizadas ó orientador/a en obxectivos e contidos susceptibles de integración curricular e/ou colaboración interdisciplinar
- Difusión das actuacións do plan e recollida de valoracións incidentais.

- **Referidos ao servizo de axuda:** calidade da resposta ante as demandas, coordinación e grao de implicación dos axentes no proceso, resultados obxectivos e subxectivos. Instrumentos: entrevistas persoais e análise verbal das situacións.

- **Referidos ao propio plan:** información descriptiva cualitativa do proceso e dos efectos mediante cuestionarios e entrevistas ós axentes implicados.

Os criterios que nos van permitir facer un seguimento e/ou avaliación do Plan relacionanse directamente cos obxectivos plantexados nel e veñen determinados por:

- A realización das actuacións previstas.
- A resposta ás demandas da comunidade educativa.
- A satisfacción das necesidades de orientación do centro
- O grao de axuste á realidade do colexio.
- A resposta á diversidade.
- O apoio á comunidade educativa no desenvolvemento das accións de mellora da intervención educativa.
- O asesoramento e apoio en relación a todo o relacionado coas accións de desenvolvemento da LOMLOE.
- A promoción das relacións dos distintos sectores da comunidade educativa e a participación na vida do centro.
- A relación cos axentes externos.
- O apoio ao alumnado para favorecer o seu desenvolvemento integral.
- A promoción e apoio á convivencia.

### **3.3. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN DO PLAN:**

Para a avaliación deste plan utilizaremos os seguintes procedementos e/ou instrumentos:

- As reunións de coordinación.

- Cuestionarios.
- Análise dos resultados escolares e das probas de diagnóstico.
- Entrevistas.
- Análise do clima de convivencia no centro.
- Memorias finais.
- Análise de documentos.
- Análise de tarefas que nos darán información acerca de:
  - Desenvolvemento das accións prioritarias.
  - As accións previstas e non realizadas.
  - As modificacións e/ou actuacións introducidas.
- Reunións celebradas.
- A participación nas reunións do Departamento.
- O número de demandas recibidas.
- O número de demandas atendidas.
- Instrumentos e/ou documentos elaborados.
- E outras que poidan ser de interese.

#### **4.-PROGRAMACIÓN DA MESTRA ESPECIALISTA EN PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA. CURSO 2023/24**

**MESTRA TITULAR:** Lucía Barreiro Iglesias.

##### **INTRODUCCIÓN:**

A seguinte programación pertence á aula de PT do CEIP Plurilingüe Ponte do Porto. Un centro enmarcado no Concello de Camariñas, na Costa da Morte. Esta programación ten como finalidade responder á diversidade de capacidades, intereses e motivacións do alumnado. Tratando de dar sempre unha resposta educativa o máis normalizadora e inclusiva posible, partindo do currículo ordinario.

A atención á diversidade aparece recollida na Orde do 8 de setembro de 2021 que regula o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, o cal regula a atención á diversidade, define a mesma como o conxunto de medidas e acción que ten como finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes características e necesidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións, intereses e situación sociais e culturais de todo o alumnado.



Para o desenvolvemento da presente programación, teremos en conta os seguintes protocolos que a CCEOU pon a disposición dos centros e que no noso caso priorizaremos os seguintes: “Protocolo de consenso sobre TDAH na infancia e na adolescencia nos ámbitos educativo e sanitario”, “Protocolo de tratamento educativo do alumnado con TEA”, “Protocolo para a intervención psicoeducativa da dislexia e/ou outras dificultades específicas de aprendizaxe”.

### **OBXECTIVOS:**

Partimos dunha realidade na que o alumnado non é homoxéneo e ten intereses, estilos de aprendizaxe e capacidades diferentes.

En consecuencia, dende o colexio e máis concretamente dende a aula de pedagogía terapéutica hai que dar resposta a esa diversidade, polo que se establecen os seguintes obxectivos de traballo para o presente curso:

1. Empregar a lingua tanto oral como escrita de forma eficaz na expresión, nas comunicacións e nas redaccións.
2. Estimular a lectura comprensiva como base dun aprendizaxe activo.
3. Reforzar e potenciar o proceso lecto-escritor e o razoamento lóxico matemático como base das aprendizaxes posteriores.
4. Favorecer a inclusión dos alumnos/as, tanto no centro educativo coma na sociedade.
5. Traballar as dificultades do alumno partindo das súas potencialidades e intereses.
6. Mellorar a autoestima e o autoconcepto do alumnado.
7. Potenciar a adquisición de técnicas de estudo e aprendizaxe favorecendo a autonomía.
8. Traballar de forma coordinada cos distintos profesionais internos e externos: titor/a, mestra de A.L, orientadora, familias e outros /as especialistas.

### **ATENCIÓN EDUCATIVA:**

A atención educativa ao alumnado vai a partir da coordinación entre a mestra de PT, os titores/as e o Departamento de Orientación, realizaranse as reunións necesarias para valorar os avances e posibles retrocesos dos alumnos/as,

consensuar os métodos de ensino e materiais empregados, comunicación da información relevante para o proceso de ensino, entre outras.

### **ESTRATEGIAS METODOLÓXICAS:**

- Metodoloxía presencial

Partiremos sempre de que cada alumno/a é diferente e ten uns ritmos, estilos de aprendizaxe e motivacións distintas, así como do seu nivel psicoevolutivo e dos coñecementos previos.

Na aula de PT potenciaremos un ambiente positivo. A información transmitirase de forma clara e concisa, con datos ordeados, palabras clave subliñadas, pictogramas ou fotos, asegurándonos en todo momento que os/as alumnos/as o comprenden. As tarefas serán presentadas ao inicio da sesión, de forma secuenciada e graduada según o nivel de atención necesario, realizando en primeiro lugar aquelas que requiran un maior nivel de ésta.

Usaremos diferentes modalidades (papel, ordenador, actividades manipulativas, láminas plastificadas e velcros...).

Reforzaremos os seus logros, por pequenos que estes sexan, xa que repercutirá no seu benestar emocional, na súa autoestima e no seu nivel de motivación para participar nas tarefas.

- Metodoloxía semipresencial

No caso de que nos atopemos ante unha situación na cal sexa necesario combinar a ensinanza presencial e á distancia, a principal canle que empregaremos para continuar a formación será a Aula Virtual, combinada con materiais elaborados manipulativos.

Con respecto á comunicación coas familias, usarase como medio principal a aplicación Abalar e Blogue do centro e/ou páxina web.

### **MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS**

O alumnado que vai acudir á aula de Pedagogía Terapéutica abarca dende a etapa de Educación Infantil ata 6º curso de Educación Primaria, polo que o material utilizado será variado. Establezo a seguinte clasificación:

- Material xenérico de aula composto por material funxible e ordenador.
- Material específico, para o cal establezo a seguinte clasificación: Materiais de habilidade e atención (puzles, xogos para encaixar, ensartar, xogos

magnéticos, xogos de motricidade fina, xogos de atención visual e memoria, percepción visual...) ; de linguaxe (contos infantís, materiais manipulativos de lecto- escritura, letras magnéticas, dominó de rimas, materiais de conciencia fonolóxica, lotos de imaxes para traballar vocabulario, xogos de mesa, actividades de comprensión lectora e expresión escrita, fichas de reforzo de gramática e ortografía e libros de texto das diferentes etapas); de matemáticas (regretas, dominós de números, xogos e material euro, números magnéticos, material para traballar as horas, fichas de reforzo e libros de texto das diferentes etapas...).

### **MODALIDADE DE INTERVENCIÓN:**

Os apoios realizaranse de dúas formas:

- 1 Apoio ao alumnado na aula ordinaria: permitindo a participación do alumno/a na propia aula, unha maior atención a este por parte do mestre/a titor/a, a observación deste alumnado no contexto ordinario e a posibilidade de beneficio do resto do alumnado.
- 2 Apoio ao alumnado na aula de PT: Realizarase de forma individual e en pequenos grupos. O apoio na aula de PT permitirá un traballo máis específico de determinados contidos.
- 3 Apoio indirecto ao profesorado: orientándoo na elaboración de actividades, estratexias metodolóxicas e reunións coas familias.

### **ALUMNADO QUE RECIBE APOIO DA MESTRA ESPECIALISTA DE P.T:**

O alumnado que recibe apoio educativo por parte da mestra de P.T. é o seguinte:

#### **EDUCACIÓN INFANTIL**

##### **4º E.I.**

Unha alumna con dificultades de aprendizaxe.

##### **6º E.I.**

Un alumno con trastorno do neurodesenvolvemento da linguaxe e conduta.  
Rasgos TEA.

#### **EDUCACIÓN PRIMARIA**

##### **1º E.P.**

Un alumno con retraso simple no desenvolvemento da linguaxe.

##### **2º E.P.**

Un alumno con grado de discapacidade (33%) que precisa de supervisión continua, directa e permanente dun adulto responsable formado para o manexo da bomba ( diabetes). Tamén presenta dificultades de atención e no ámbito da linguaxe.

### **3º E.P**

- Un alumno con TXD e TEA.
- Un alumno con retraso madurativo leve.
- Unha alumna con Dificultades de aprendizaxe.
- Un alumno con Dificultades de aprendizaxe.
- Un alumno con TEL e TDAH.
- Un alumno con Dificultades de aprendizaxe e condutas disruptivas.

### **4º E.P**

- Un alumno con Dificultades de aprendizaxe
- Unha alumna con TEL, Trastorno de aprendizaxe e discalculia, TDAH e Ci límite.

### **5º E.P**

- Un alumno con Dificultades de aprendizaxe.
- Un alumno con dificultades de aprendizaxe.

### **6º EP**

- Unha alumna con dificultades específicas de aprendizaxe.
- Un alumno con retraso evolutivo da linguaxe e distocia social. DEA.

### **HORARIO:**

O horario inicial para o presente curso é o seguinte, destacar que será susceptible de modificación ante as diferentes demandas, necesidades ou incorporación de novo alumnado ao centro.

Os cursos onde se presta atención docente serán:

4º EI , 6º EI

1º EP, 2º EP, 3º EP e 6ºEP.

As horas serán distribuídas da seguinte forma:

<b>Horario</b>	<b>LUNES</b>	<b>ARTES</b>	<b>MÉRCORES</b>	<b>XOVES</b>	<b>VENRES</b>
9:30-10:20	6° EP	3° EP	5° EP	6° EI	3° EP
10:20-11:10	5° EP	2° EP	4° EP	5° EP	2° EP
11:10-12:00	4° EP	3°EP	3° EP	3° EP	6°EP
12:00-12:30	R	E	CR	E	O
12:30- 12:50	LER	LER	LER	LER	LER
12:50- 13:40	4° EI	6° EP	2° EP	1° EP	1° EP
14:40-14:30	3°EP	6° EI	3° EP	4° EP	3° EP

## **5.-PROGRAMACIÓN DAS MESTRAS DE AUDICIÓN E LINGUAXE:**

**XULIA AÑÓN CAAMAÑO (AL1)**

**RAQUEL ÁLVAREZ FERNÁNDEZ (AL2)**

### **INTRODUCCIÓN**

A realización da presente programación, ten por finalidade recoller de xeito minucioso todas as accións que se desenvolverán no centro durante o presente curso escolar por parte das especialistas en Audición e Linguaxe (AL). Esta xorde como resultado dunha avaliación inicial, onde se detecta entre o alumnado escolarizado no centro, unha serie de necesidades específicas de apoio educativo (de aquí en diante NEAE), ás que se pretende dar resposta xa que se nos remitimos á lexislación educativa na actual **LOMLOE** (*Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a anterior Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación*), recóllense como principios da educación: a calidade para todo o alumnado; a equidade, que garanta a igualdade de oportunidades; a inclusión educativa e a non discriminación; e a flexibilidade para axustar a educación á diversidade do noso alumnado e da nosa sociedade. En definitiva, debemos prestar unha atención educativa de calidade ó noso alumnado en condicións de equidade e con garantía de igualdade de oportunidades. Debemos pois, entender a atención educativa á diversidade como se recolle no artigo 3 do **Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación**, como o conxunto de medidas e accións deseñadas coa finalidade de adecuar a resposta educativa ás diferentes características, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais/culturais de todo o alumnado.

### **CONTEXTUALIZACIÓN**

Esta programación vai destinada a un Centro de Educación Infantil e Primaria (CEIP) regulado polo *Decreto 374/1996, do 17 de outubro, polo que se aproba o regulamento orgánico dos centros de educación infantil e de educación primaria*. Estamos ante unha escola rural á que pertencen familias de clase

media onde os estudantes proceden da propia localidade e doutros lugares limítrofes.

Durante o presente curso escolar, o noso centro conta con dúas especialistas en audición e linguaxe. Ambas prazas itinerantes polo que desenvolveremos as nosas funcións en dous Centros de Educación Infantil e Primaria: a AL1 acudirá ao CEIP San Vicenzo de Vimianzo (tres días a semana: luns, martes e mércores) e ao CEIP Ponte do porto (dous días: xoves e venres). Pola súa parte, a AL2 acudirá ao CEIP O Areal de Camariñas (tres días á semana: luns, mércores e venres) e ao noso centro de ensino, CEIP Plurilingüe Ponte do Porto (dous días: martes e xoves).

Non menos importante é sinalar que o centro conta cunha mestra de Pedagogía Terapéutica (PT) a tempo completo e coa figura do persoal auxiliar cuidador. Igualmente a figura da Xefa do Departamento de Orientación tamén será itinerante como no caso das mestras de Audición e Linguaxe. Comparte a súa labor co CEIP O Areal.

### **ACTUACIÓNS A LEVAR A CABO POR PARTE DA MESTRA ESPECIALISTA DE AL**

Atendendo á **Orde do 8 de setembro de 2021**, nesta quedan recollidas as funcións específicas a desenvolver como mestras especialistas en AL, polas que se xustifican as actuacións recollidas na presente programación e estas son as que seguen a continuación:

- Colaborar coa xefatura do departamento de orientación na proposta de organización da docencia de apoio.
- Prestar unha atención docente directa ao alumnado con necesidades educativas especiais; sen prexuízo de que, excepcionalmente, atendamos outro alumnado con NEAE.
- Elaborar os programas de intervención para o alumnado que atendemos, segundo as directrices recollidas no Plan Xeral de Atención á Diversidade, en colaboración co profesorado da área ou da materia que corresponda e segundo a orientación e o asesoramento da xefa do departamento de orientación.
- Colaborar, de ser o caso, na elaboración das adaptacións curriculares do alumnado, así como no seu seguimento e na súa avaliación.

- Participar na planificación e no desenvolvemento das actuacións e das medidas que favorezan a inclusión da diversidade do alumnado.
- Asistir ás sesións de avaliación do alumnado, con voz e sen voto.
- Elaborar, ao finalizar o curso escolar, un informe individual de cada alumna ou cada alumno, coordinado pola xefatura do departamento de orientación e segundo o modelo facilitado polo departamento de orientación que se incluírá no seu expediente.
- Aqueloutras funcións que a Administración educativa, dentro do ámbito das súas competencias, nos poida asignar referidas á inclusión, á orientación e á atención á diversidade.

Do mesmo xeito, como membros do Departamento de Orientación (DO) entre as nosas funcións tamén se inclúen as recollidas no artigo 10 da **Orde do 24 de xullo do 1998**, pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia regulada polo **Decreto 120/1998**, do 23 de abril, polo que se regula a orientación educativa e profesional na nosa comunidade.

### **CONTRIBUCIÓN DA PROGRAMACIÓN DE AL AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE**

O apoio do profesorado especialista en Audición e Linguaxe centrarase prioritariamente nos ámbitos da comunicación, da linguaxe e da fala. Polo tanto, deseñaremos programas de intervención estreitamente vencellados aos procesos de codificación e decodificación da linguaxe na súa vertente oral e/ou escrita. Así, o traballo nas nosas aulas contribuirá a adquisición de todas e cada unha das 8 competencias clave propostas dende a **LOMCE**, facendo especial fincapé ao desenvolvemento da competencia clave do currículo: competencia en comunicación lingüística (**CCL**). Tendo en conta o **Decreto 150/2022**, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil e o **Decreto 155/2022**, do 15 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

### **OBXECTIVOS**

Tras analizar de forma minuciosa os datos precedentes, é necesario abordar unha serie de aspectos de cara a este curso académico. Polo tanto, en función



disto propoñense os seguintes obxectivos de traballo atendendo a tres ámbitos de actuación diferenciados que son: alumnos/ as, o centro e as familias.

1. Orientar e fomentar a colaboración e a participación activa das familias no proceso de Ensinanza/Aprendizaxe dos seus fillos/as.
2. Desenvolver un traballo en equipo, en coordinación co equipo multidisciplinar e interinstitucional, con especial interese ás NEE (Necesidades Educativas Especiais) asociadas á comunicación e a linguaxe dos alumnos/as do centro.
3. Favorecer a accesibilidade do alumnado con NEE ao centro e sensibilizar á comunidade educativa respecto destes.
4. Fomentar a coordinación, implicación e orientación entre os órganos de coordinación docente e non docente do centro, especialmente entre aqueles/as que compartan a súa intervención co alumnado con NEAE.
5. Prestar apoio educativo ao alumnado con NEAE que así o requira polas súas dificultades.
6. Desenvolver programas de detección precoz, para poder previr, estimular e avaliar a linguaxe infantil no segundo ciclo de educación infantil e así evitar posibles desaxustes nas súas aprendizaxes.

## **CONTIDOS E ACTIVIDADES**

### **Obxectivo 1**

#### Contidos:

- Implicación das familias do alumnado con Necesidades Educativas Especiais (NEE) no proceso de Ensinanza/Aprendizaxe.
- Colaboración das familias co profesorado que atende ao alumnado con NEE.

#### **Actividades:**

- o Dotación de recursos e estratexias metodolóxicas ás familias para desenvolver no fogar.
- o Programación de reunións periódicas coas familias para valorar os posibles avances e retrocesos no proceso de E/A do alumnado.
- o Establecemento de canles de comunicación fluídas e unha relación axeitada entre as familias e o centro escolar.

## **Obxectivo 2**

### Contidos:

- Coordinación entre o persoal docente e non docente e os especialistas de PT e AL.
- Asesoramento ao profesorado do centro sobre as necesidades comunicativo-lingüísticas dos seus alumnos/as e sobre como abordar isto na práctica educativa diaria.

### *Actividades:*

- o Planificación e organización de reunións de equipo iniciais, periódicas e finais entre os mestres titores e os especialistas de PT e AL, para ver o grado de consecución dos obxectivos propostos inicialmente.
- o Integración do PT e AL na aula para traballar conxuntamente cos titores.
- o Participación da figura do persoal auxiliar cuidador como membro activo da intervención co alumnado con NEE, a través da súa colaboración durante o tempo que esté con estes alumnos/as.
- o Proposta de recursos e actividades aos mestres que presten atención docente directa ao alumnado con NEE para que estes poidan poñelos en práctica dentro da aula.

## **Obxectivo 3**

### Contidos:

- Fomento de medidas que promovan a inclusión, a equidade, a convivencia e a non discriminación do alumnado en cuestión.
- Concienciación polo alumnado con NEAE escolarizado no centro.

### *Actividades:*

- o Conmemoración do Día Internacional das Persoas con Discapacidade (3 de decembro) ou outros días como o Día Mundial da Concienciación sobre o Autismo (2 de abril) no centro, coa participación activa das familias.
- o Celebración de xornadas para sensibilizar ao alumnado respecto ás NEAE dos alumnos/as escolarizados no centro a través da visualización de curtametraxes ou películas, en colaboración co mestre/a titor/a.

#### **Obxectivo 4**

##### Contidos:

- Desenvolvemento de propostas que garantan a eficacia da intervención do alumnado con NEAE, dende os equipos de coordinación docente nos que estamos implicadas como mestras de AL.

##### *Actividades:*

- o Proposición de medidas específicas de atención á diversidade referidas ó tratamento da linguaxe a incluír nas programacións didácticas en colaboración cos equipos de ciclo, atendendo ao **Decreto 374/1996**.
- o Colaboración co departamento de orientación no deseño do Protocolo de demanda da avaliación psicopedagóxica (**Orde do 8 de setembro de 2021**).
- o Reunións co xefe do departamento de orientación para o transvase de información precisa para levar a cabo o deseño dos programas de intervención respectando o recollido no **Protocolo de Protección de datos** e a **Lei Orgánica 3/2018**, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

#### **Obxectivo 5**

##### Contidos:

- Atención docente directa ao alumnado con dificultades da aprendizaxe que o precise.
- Contribución co departamento de orientación para dar respostas educativas axustadas ao alumnado con NEAE derivadas do ámbito comunicativo-lingüístico.
- Traballo en equipo por parte dos profesionais que traballan co alumnado que presenta NEAE, con especial mención aos mestres de PT e AL.

##### *Actividades:*

- Colaboración na avaliación psicopedagóxica do alumnado con NEE (**Orde do 8 de setembro de 2021**)
- Colaboración na elaboración de materiais e recursos tanto para a avaliación inicial como para a detección de Necesidades Educativas Especiais (NEE).

- Elaboración e redacción de programas de intervención centrados no alumnado con alteracións na área comunicativo-lingüística.
- Seguimento continuado da posta en marcha dos programas de intervención a través dun rexistro.
- Planificación e organización dos tempos de intervención tanto na aula común como fóra da mesma.
- Deseño de informes finais dos programas de intervención que se leven a cabo co alumnado NEAE.
- Información e coordinación co equipo docente. Implicar e facer partícipes ás familias na intervención dos seus fillos/as.
- Participación no deseño e na avaliación de adaptacións curriculares para o alumnado con NEE na área anteriormente nomeada.

## **Obxectivo 6**

### Contidos:

- Contribución co departamento de orientación no deseño e posta en marcha de programas de estimulación temperá co alumnado de 3-6 anos (segundo ciclo de educación infantil) a través de pautas ós mestres/as tutores/as para evitar posibles desaxustes nas súas aprendizaxes.

### *Actividades:*

- Colaboración co mestre/a titor/a na detección precoz de necesidades dos alumnos e alumnas de 3-6 anos escolarizados no centro.
- Proporción de pautas de estimulación da linguaxe ao titor/a e as familias así como actividades para que poidan aplicar na aula.

## **METODOLOXÍA**

Imos partir sempre do xogo para fomentar deste xeito o interese e a motivación do noso alumnado. En consecuencia, o proceso de Ensinanza-Aprendizaxe terá un maior rendemento e será máis significativo, polo que tamén será fundamental a colaboración e a participación activa do profesorado e as familias. Así, en canto ao alumnado con NEE, levaremos a cabo actuacións e medidas de atención á diversidade recollidas na recente **Orde do 8 de setembro de 2021**. Todas as actuacións deben rexerse por unha metodoloxía funcional, globalizada, activa e lúdica. Pois as áreas do noso desenvolvemento atópanse interconectadas, non só debemos abordar a área

comunicativo-lingüística de forma independente, aínda que incidiremos nela con maior énfase, por ser o a nós nos concirne como mestras de AL.

Traballaremos para que o noso alumnado adquira a maior autonomía posible no seu día a día e por tanto, tamén mellore a súa calidade de vida. Así, as nosas actividades han de ter sentido na vida diaria, partir do coñecemento previo do alumno/a (aprendizaxe significativa) e secuenciando os contidos en orde de dificultade crecente, de menos a máis, aínda que respectando sempre os ritmos e estilos de aprendizaxe do noso alumnado.

Por outra banda, a nosa práctica profesional non debe centrarse unicamente no alumnado con NEAE senón que tamén desenvolveremos actuacións dirixidas ao resto de alumnado escolarizado no centro, coa finalidade de sensibilizalos das dificultades dos seus compañeiros/as, ao igual que faremos co resto do profesorado do claustro e coas familias (elementos clave no proceso de ensinanza- aprendizaxe). A súa colaboración tamén será útil para a recompilación dos datos necesarios para a realización dunha correcta avaliación psicopedagóxica.

Cada mestre/a ten as súas propias técnicas de ensinanza e emprega unas estratexias metodolóxicas que lle funcionan co seu alumnado. Sen embargo, existen unas estratexias comúns e empregadas por todos os profesionais, que son as que no noso caso tratamos de aplicar a diario na aula. Entre elas destacan a imitación e o modelado, que consisten en proporcionarlle ao alumnado o modelo, reforzándoo e imitándoo. Alén disto, tamén nos gustaría aplicar outros métodos como a aprendizaxe cooperativa, que se trata dun método de aprendizaxe baseado na interacción con outros.

Finalmente, todas as sesións que se leven a cabo estarán coidadosamente programadas con anterioridade. Traballarase de xeito individual ou en parellas, atendendo á funcionalidade da intervención e respectando os ritmos e estilos de aprendizaxe de cada un/unha dos nosos alumnos e alumnas.

## **RECURSOS**

Para poder acadar os obxectivos propostos serán necesarios unha serie de recursos que nos permitan dar unha atención educativa de calidade como mestras de AL.

Desta maneira, vamos contar con recursos persoais, materiais e organizativos.

Entre os **recursos persoais internos** destacan o mestre/a titor/a atendendo ás súas funcións, recollidas no **Decreto 374/1996** por ser quen valora ao alumnado con NEAE por primeira vez. En relación á **Orde do 8 de setembro de 2021** quedan recollidas as nosas funcións como mestras de AL por atender as NEE derivadas da comunicación e da linguaxe do alumnado que así o precise. E igualmente, é pertinente a contribución doutros órganos de coordinación docente como o departamento de orientación, co que colaboraremos na avaliación psicopedagóxica do alumnado que presenta NEAE segundo o **Decreto 120/1998** e a orde previamente mencionada.

Entre os **recursos persoais externos** ao centro encóntrase principalmente o Equipo de Orientación Específico (EOE) posto que é o encargado de asesorar ao departamento de orientación e colaborar con él nas avaliacións psicopedagóxicas que así o requiran.

Finalmente, no tocante aos **recursos persoais non docentes**, é preciso destacar a figura do persoal auxiliar cuidador posto que pasa a maior parte do tempo acompañando ao alumnado con NEE e constitúe, por tanto, unha peza clave no proceso de intervención con estes alumnos/as.

Respecto aos **recursos materiais**, contamos con recursos xa existentes no centro (**recursos ordinarios**) e outros materiais de elaboración propia creados para un determinado neno/a en concreto (**recursos específicos**). Adaptaremos materiais ás características individuais de determinados alumnos, tanto de avaliación como de intervención. Estando estes destinados a unha das dimensións da linguaxe ou a todas elas. De cara a **avaliación**, tamén contaremos como probas estandarizadas e probas non estandarizadas. Outros recursos materiais ordinarios interesantes, poderían ser os destinados a traballar a lectoescritura, as funcións executivas e os prerequisites da linguaxe. Para o que podemos empregar un ordenador e/ou unha Tablet posto que as **Tecnoloxías de Aprendizaxe e o Coñecemento (TAC)** resultan moi atractivas para os nenos/as, facendo que non decaia o interese na tarefa.

Por último, resaltar os **recursos organizativos do centro**. Atendendo á **Orde do 8 de setembro de 2021**, cabe dicir que imos levar a cabo unha serie de medidas ordinarias e extraordinarias de atención á diversidade. Como medidas **ordinarias** que se levan a cabo están a adecuación da estrutura organizativa do centro (horarios, agrupamentos, espazos), a organización e xestión da aula

ás características do alumnado e o Reforzo Educativo (RE) e apoio do profesorado na aula en función da súa dispoñibilidade horaria, entre outras. Ao contrario disto, as medidas **extraordinarias** aplícanse unha vez esgotadas as medidas ordinarias ou si estas resultan insuficientes e entre elas destacarían as Adaptacións Curriculares (AC) recollidas na **Orde do 8 de setembro de 2021**. Tamén é importante destacar neste apartado os documentos do centro pola súa relevancia en todo o referido ao centro e as orientacións plantexadas nos diferentes **protocolos** publicados pola **Consellería de Cultura, Educación e Universidade** para atender a este alumnado en concreto. Destacando así, o Protocolo para a atención educativa do alumnado con Síndrome de Down e/ou discapacidade intelectual, dislexia e/ou outras dificultades específicas da aprendizaxe, TEA...

### **TEMPORALIZACIÓN**

Como sinalabamos, o traballo no CEIP Plurilingüe Ponte do Porto como mestras especialistas en Audición e Linguaxe (AL) desenvolverase durante dous días á semana cada unha de nós, xa que as outras tres xornadas estaremos prestando atención docente directa ao alumnado con NEAE doutros centros (CEIP San Vincenzo e CEIP O Areal).

Así, a previsión de alumnos e alumnas que recibirá apoio pola nosa parte como mestras especialistas en AL de cara ó presente curso escolar 2023/2024 será a seguinte, aínda que poderá modificarse ao longo do curso en función das distintas necesidades ou melloras que vaian xurdindo entre o alumnado do centro:

#### **AL1: Xulia Añón Caamaño (compartida co CEIP San Vincenzo)**

	<b>LUNS</b>	<b>MARTES</b>	<b>MÉRCORES</b>	<b>XOVES</b>	<b>VENRES</b>
<b>9:30-10:20h</b>				A1/A2 (4ºEP)	A6 (2ºE)
<b>10:20-11:10h</b>				A3/A4 (3º EP)	A5 (6ºEI)
<b>11:10-12:00h</b>				A5 (6ºEI)	A1/A2 (4ºEP)
<b>12:00-12:30h</b>	<b>Recreo</b>				

12:30-12:50h	<b>Hora de ler</b>				
12:50- 13:40h				A6 (2ºEP)	A3/A4 (3ºEP)
13:40-14:30h				A7 (4ºEP)	<b>Itinerancia</b>

**AL2: Raquel (compartida co CEIP O AreaL**

	<b>LUNS</b>	<b>MARTES</b>	<b>MÉRCORES</b>	<b>XOVES</b>	<b>VENRES</b>
<b>9:30-10:20h</b>		A1 (3ºEP)		A1 (3ºEP)	
<b>10:20-11:10h</b>		A1		A1	
		A2 (4º EI)		A2	
<b>11:10-12:00h</b>		A3 (6ºEI)		A3/A4 (6ºEI)	
		A5/A6 (1ºEP)		A5/A6 (1ºEP)	
<b>12:00-12:30h</b>	<b>Recreo</b>				
<b>12:30-12:50h</b>	<b>Hora de ler</b>				
<b>12:50- 13:40h</b>		A7/A8 (3ºEP)		A7/A8 (3ºEP)	
<b>13:40-14:30h</b>		A2		<b>Itinerancia</b>	
		A4			

**AVALIACIÓN**

A avaliación debe ser entendida como un proceso. Un proceso global e continuo que permite obter información  **cualitativa**  e  **cuantitativa**  sobre a planificación e a eficacia dos apoios que se levaron a cabo no centro durante o período lectivo. Porén, para levar a cabo a intervención do presente documento é importante resaltar os tres momentos da avaliación. En primeiro lugar, tras a  **avaliación inicial**  do contexto, o centro, o alumnado e o análise dos documentos organizativos, extráense unha serie de necesidades ás que se pretende dar resposta coas accións recollidas neste documento. Pola súa



parte, a **avaliación continua** ten un carácter regulador, orientador e autocorrector. Consiste no seguimento das actuacións que se iniciaron no primeiro trimestre do curso como son o seguimento e a valoración dos programas de intervención, as reunións de coordinación e a colaboración, de ser necesario, na decisión sobre a flexibilización do alumnado, entre outras. O terceiro momento correspóndese coa **avaliación final**, cuxas actuacións desembocan na valoración do grado de consecución dos obxectivos da presente programación. Debemos valorar os obxectivos tanto dende un punto de vista cuantitativo como cualitativo. En consecuencia, ao remate do curso, as conclusións extraídas irán incluídas na memoria final da nosa programación, onde se valorará igualmente, si os contidos propostos foron os axeitados e si resultou útil o traballo realizado. Os datos mellorables ou que deban ser modificados deben quedar recollidos por escrito na planificación e como propostas de mellora de cara o vindeiro curso.

A modo de resumo, os aspectos que se avaliarán son os seguintes: o **alumnado**, compre ver a adquisición dos obxectivos, a súa motivación por aprender, a superación das dificultades e a xeneralización das aprendizaxes; a **programación**, para ver si os obxectivos, contidos e actividades aquí plantexados foron axeitados ou non; a **nosa labor docente**, coa finalidade de recoñecer aqueles aspectos nos que debemos mellorar; e a **metodoloxía**, para verificar se os valores que lles transmitimos ao noso alumnado así como o noso traballo diario serviron para acadar os obxectivos plantexados con anterioridade nesta programación.

## 5.- ORGANIZACIÓN PEDAGÓXICA.

### 5.1.-Órganos de goberno

#### 5.1.1-Colexiados:

##### Consello Escolar:

<b>MEMBROS DO EQUIPO DIRECTIVO</b>
Teresa Barrientos Murias (Directora).
Martina López Romero (Xefa de estudos).

María del Carmen Lema Blanco (Secretaria).
<b>REPRESENTANTES DE PROFESORES/AS</b>
• Carme Novoa Casais
• M <sup>a</sup> Katia Sánchez Alonso
• Andrés López Figueiras (baixa médica)
• Andrea López Barcia (baixa médica)
• Ana Cristina Barbeito Fraga
<b>REPRESENTANTE DO PERSOAL DE ADMÓN. E SERVICIOS</b>
M <sup>a</sup> Rocío Moledo Esperante
<b>REPRESENTANTES DE PAIS/NAIS</b>
Carmen Almudena Márquez Lema
Adriana Canosa Carril
Estefanía Tajés Mouzo
Paula Suárez Moreira
<b>REPRESENTANTE DO CONCELLO</b>
Encarnación Liñeiro Pouso
<b>REPRESENTANTE DA ANPA</b>
M <sup>a</sup> Carmen Canosa Allones

□ **Claustro de profesores/as:**

**PROFESORADO CON TITORÍA:**

<b>Educación Infantil</b>	
4 <sup>a</sup> infantil	María Silva Ojea
5 <sup>o</sup> infantil	Andrea López Barcia substituída por: Nerea Castiñeira Canosa

6° infantil	María del Carmen Lema Blanco
<b>Educación Primaria</b>	
1°	María Mercedes Álvarez Amor
2°	Ana Cristina Barbeito Fraga
3° A	Carme Novoa Casais
3° B	Aurora Barba Gasamás Teresa Barrientos Murias
4°	Martina López Romero
5°	Andrés López Figueiras substituído por: María Dolores Rodríguez Lariño
6°	María Costa Pereira

**PROFESORADO SEN TITORÍA:**

Educación Inglesa	Luciana Sobrado Menoni
Educación Física	Aurora Barba Gasamás
Xefe Depto. Orientación	Natalia Soto Antón
Pedagogía Terapéutica	Lucía Barreiro Iglesias
Relixión	Alberto Bértola Bértola
Música e Plástica Plurilingüe EP e Plurinfantil en EI.	Noé Rañón Vilela
Apoio Educación Infantil	María Katia Sánchez Alonso
AL (compartida CEIP O Areal)	Tania Villamor Vázquez, substituída por Raquel Álvarez Fernández
AL (compartida CEIP San Vincenzo)	Xulia Añón Caamaño

## **COORDINACIÓNS:**

Ciclo de EI	María Katia Sánchez Alonso (4º ano)
1º Ciclo de EP	Ana Cristina Barbeiro Fraga (1º ano)
2º Ciclo de EP	Carme Novoa Casais (1º ano)
3º Ciclo de EP	María Costa Pereira (1º ano)
E.D.L.G	María Katia Sánchez Alonso (3º ano)
Eq. act. compl. extr.	Ana Cristina Barbeito Fraga (1º ano)
Plurilingüismo Auxiliar de Conversa	e Luciana Sobrado Menoni
Eq. Biblioteca	Carme Novoa Casais (2º ano)
TIC	Noé Rañón Vilela (1º ano)
PFPP	Teresa Barrientos Murias e Noé Rañón Vilela

### **5.1.2.-Unipersoais.**

#### **❑ Equipo Directivo:**

Directora:	Teresa Barrientos Murias
Xefa de Estudos:	Martina López Romero
Secretaria:	María del Carmen Lema Blanco

### **5.2-Órganos de coordinación docente.**

#### Coordinación do Equipo de Infantil

Coordinadora: Dona María Katia Sánchez Alonso

Compoñentes:

- Dona Maria del Carmen Lema Blanco
- Dona María Silva Ojea.
- Dona Andrea López Barcia
- Don Noé Riñón Vilela
- Dona Luciana Sobrado Menoni.
- Don Alberto Bértola Bértola

### Coordinación 1º Ciclo de EP

Coordinadora: Dona Ana Cristina Barbeito Fraga

Compoñentes:

- Dona Luciana Sobrado Menoni.
- Dona María Mercedes Álvarez Amor

### Coordinación 2º Ciclo de EP

Coordinadora: Dona Carme Novoa Casais

Compoñentes:

- Dona Martina López Romero
- Dona Aurora Barba Gasamáns
- Dona Teresa Barrientos Murias
- Dona Lucía Barreiro Iglesias

### Coordinación 3º Ciclo de EP

Coordinadora: Dona María Costa Pereira

Compoñentes:

- Don Andrés López Figueiras
- Don Noé Rañón Vilela

### Comisión de Coordinación Pedagógica (CCP):

- A directora que actuará como presidenta: Dona Teresa Barrientos Murias
- A Xefa de Estudos: Don Martina López Romero
- A coordinadora do ciclo de Ed Infantil: Dona María Katia Sánchez Alonso
- As coordinadoras de cada ciclo de Educación Primaria:
  - 1º-2º: Dona Ana Cristina Barbeito Fraga
  - 3º-4º: Dona Carmen Novoa Casais
  - 5º-6º: Dona María Costa Pereira
- O Profesorado de Apoio Educativo:
  - Dona Lucía Barreiro Iglesias (PT)
  - Dona Tania Villamar Vázquez (AL compartida e con centro base no CEIP Areal de Camariñas).
  - Dona Xulia Añón Caamaño (AL compartida e con centro base no CEIP San Vincenzo de Vimianzo)
- Xefa do Departamento de Orientación: Dona Natalia Soto Antón.
- A coordinadora do EDLG: Dona María Katia Sánchez Alonso
- Coordinadora da Biblioteca: Dona Carme Novoa Casais
- Secretaria da CCP: Dona Martina López Romero

### Equipo de Dinamización Lingua Galega:

Coordinadora : Dona Mª Katia Sánchez Alonso

Componentes:

- Dona M<sup>a</sup> Mercedes Álvarez Amor
- Dona Aurora Barba Gasamás
- Dona Ana Cristina Barbeito Fraga
- Don Andrés López Figueiras
  
- Dona Rocío Moledo Esperante (persoal non docente)

#### Actividades Complementarias e Extraescolares:

Coordinadora: Ana Cristina Barbeito Fraga

Compoñentes:

- Dona Martina López Romero
- Dona M<sup>a</sup> Katia Sánchez Alonso
- Dona Natalia Soto Antón
- Dona Lucía Barreiro Iglesias

### **5.3 Equipos de Dinamización**

#### Equipo de Tecnoloxías da Información e Comunicación.

Coordinador: Don Noé Rañón Vilela

Compoñentes:

- Dona Teresa Barrientos Murias
- Don Alberto Bértola Bértola
- Dona Ana Cristina Barbeito Fraga
- Dona Luciana Sobrado Menoni

#### Equipo de Dinamización da Convivencia

- Presidenta: Teresa Barrientos Murias
- Xefa de estudos: Martina López Romero
- Representantes dos mestres:
  - Dona María Katia Sánchez Alonso
  - Dona Carme Novoa Casais
- Representantes dos pais/nais:
  - Dona Adriana Canosa Carril
  - Dona María Carmen Canosa Allones
- Persoal non docente que formará parte do EDLG: Dona Rocío Moledo Esperante.

#### Equipo da Dinamización da Biblioteca.

Coordinadora: Dona Carme Novoa Casais

Compoñentes:

- Dona Teresa Barrientos Murias
- Dona Andrea López Barcia
- Dona María del Carmen Lema Blanco
- Dona María Silva Ojea
- Dona María Costa Pereira

## 5. 4 Outros Equipos

### **Plurinfantil, Plurilingüe e Auxiliar de Conversa (O. do 12 de maio de 2011)**

Coordinadora: Dona Luciana Sobrado Menoni.

Compoñentes:

- Dona Noé Riñón Vilela
- Dona Karyme Alicia Palma

Deportes escolar:

Coordinador: Don Alberto Bértola Bértola

Compoñentes:

- Dona Aurora Barbas Gasamáns
- Dona Teresa Barrientos Murias

## **6.- PLANO DE ACTUACIÓN DOS ÓRGANOS COLEXIADOS E DO EQUIPO DIRECTIVO.**

### **6.1.-Órganos Colexiados.**

#### **6.1.1.-Consello Escolar.**

- Establecer as directrices e elaborar propostas para a modificación do PE, se así se estima conveniente.
- Aprobar e avaliar a PXA
- Aprobar a programación das actividades extraescolares e complementarias e avaliar o seu desenvolvemento.
- Aprobar o proxecto de orzamento.
- Aprobar os criterios de cesión das instalacións escolares.
- Decidir sobre a admisión de alumnos/as.
- Coñecer as candidaturas á dirección e os proxectos de dirección presentados polos candidatos.
- Participar na selección de director do centro nos termos que a presente Lei establece. Ser informado do nomeamento e cese dos demais membros do equipo directivo.
- Coñecer a resolución de conflitos disciplinarios e velar porque se atean á normativa vixente.
- Propoñer medidas e iniciativas que favorezan a convivencia no Centro, a igualdade entre mulleres e homes e a resolución pacífica de conflitos en tódolos ámbitos da vida familiar e social.

### 6.1.2.-Claustro de profesores/as.

- Elevar propostas ao equipo directivo para a elaboración da PXA.
- Elevar propostas ao equipo directivo para modificación/actualización do PE.
- Aprobar e avaliar e os aspectos docentes da PXA.
- Coordinar as funcións referentes a orientación, tutoría, avaliación e recuperación dos/as alumnos/as.
- Elexir aos seus representantes no consello escolar do centro e participar na selección do director nos termos establecidos pola lexislación vixente.
- Informar das normas de organización e funcionamento do Centro.
- Coñecer a resolución de conflitos disciplinarios e a imposición de sancións e velar por que estas se atean á normativa vixente.
- Promover medidas e iniciativas que favorezan a convivencia no Centro

### 6.2.-Equipo directivo.

#### □ **Directora:**

- Coordinar a elaboración da PXA e a modificación/actualización do PE.
- Dirixir e coordinar todas as actividades do Centro.
- Executar os acordos dos órganos colexiados.
- Promover e impulsar as relacións do Centro coas institucións do seu contorno.
- Resolver conflitos.
- Exercer a dirección pedagóxica, promover a innovación educativa e impulsar plans para a consecución dos obxectivos do PE..
- Visar as certificacións e documentos oficiais do centro

#### □ **Xefa de estudos:**

- Coordinar e velar pola execución das actividades de carácter académico e de orientación de mestres/as e alumnos/as, en relación con PE, PXA.
- Substituír ao director en caso de ausencia.
- Elaborar os horarios académicos de alumnos/as e profesores/as.
- Coordinar e orientar aos/as tutores/as de acordo co Plan de Acción Titorial.
- Coordinar a participación do profesorado nas actividades de perfeccionamento.
- Organizar ao alumnado e impulsar a súa participación no centro.



- Establecer os mecanismos para corrixir as ausencias imprevistas do profesorado, atención a alumnado accidentado ou calquera eventualidade que xurda.
- Organizar a atención do alumnado nos períodos de lecer.
- Coordinar a actividade docente do centro, con especial atención aos procesos de avaliación e actividades de recuperación, reforzo .

□ **Secretaria:**

- Elaborar o proxecto de orzamento do Centro de acordo coas directrices do Consello Escolar, oída a Comisión Económica.
- Realizar o inventario xeral do Centro e mantelo actualizado.
- Ordenar o réxime administrativo do Centro.
- Actuar como secretaria dos órganos colexiados do centro.
- Custodiar os libros e arquivos do centro
- Expedir as certificacións que soliciten as autoridades e os interesados.
- Coordinar, dirixir e supervisar, por delegación do director, a actividade e funcionamento do persoal de administración e servizos.
- Dar a coñecer e difundir a toda a comunidade educativa a información sobre normativa, disposición legais, etc., que se reciban no Centro.

**HORARIOS DE ATENCIÓN AO PÚBLICO DO EQUIPO DIRECTIVO:**

As visitas que se saian do citado horario deberán ser concertadas previamente.

<u>HORARIO</u>	<u>LUNS</u>	<u>MARTES</u>	<u>MÉRCORES</u>	<u>XOVES</u>	<u>VENRES</u>
<u>9:30-10:20</u>	<b>XEFATURA DIRECCIÓN</b>	<b>DIRECCIÓN</b>			
<u>10:20-11:10</u>				<b>DIRECCIÓN</b>	
<u>11:10-12:00</u>					
<b><u>TEMPO DE LECER</u></b>					
<u>12:30-13:30</u>	<b>XEFATURA SECRETARÍA</b>		<b>SECRETARÍA XEFATURA DIRECCIÓN</b>		<b>XEFATURA SECRETARÍA DIRECCIÓN</b>
<u>13:30-14:30</u>					

### 6.3.-Plan de actuación do Equipo Directivo no curso 23-24.

O Equipo Directivo está formado por: a directora, Dona Teresa Barrientos Murias; a xefa de estudos, Dona Martina López Romero; e a secretaria, María del Carmen Lema Blanco.

